

## **ÍNDICE**

### **Introdución e datos xerais da entidade**

páx. 2

### **Diagnose da situación**

páx. 4

Avaliación e Conclusións da Memoria Anual  
2015/2016

páx. 4

Novidades previstas para o ano 2017  
(Administrativas, estruturais e/ou materiais,  
poboación atendida e recursos humanos)

páx. 6

### **Xestión dos recursos do Centro**

páx.7

1. Recursos Humanos

páx.7

2. Recursos Materiais

páx.10

3. Recursos Técnicos

páx.13

4. Recursos Económicos

páx.15

5. Recursos Externos

páx. 15

### **Definición do programa e planificación das actividades**

páx.16

1. Programa

páx.16

2. Planificación das Actividades

páx.35

### **Relacións Externas do Centro de Menores**

páx.46

### **Seguimento e avaliación da Programación Anual 2017**

páx.47

### **Anexo I. Inventario**

páx.49

## INTRODUCCIÓN E DATOS XERAIS DA ENTIDADE

A “Asociación Ciudadana de Lucha contra la droga ALBORADA” comezou a súa labor preventiva, asistencial e de incorporación social no campo das drogodependencias no ano 1982 coa apertura da *Comunidade Terapéutica*. Posteriormente creouse a *Unidade Asistencial*, o *Centro de Día de Drogodependencias*, o *Centro de Día de Atención al Menor* e o *Programa Creative*. No ano 2008, nas mesmas instalacións do *Centro de Día de Atención al Menor*, pónse en funcionamento o *Programa de Intervención Ambulatoria con Adolescentes en Conflicto*.



O feito de pertencer a unha O.N.G. tan ampla, permítelle aos diferentes dispositivos estar integrados nunha gran estrutura e beneficiarse e coordinarse cos diferentes programas da Asociación.

Pola nosa banda, o Centro de Menores de Atención de Día ACLAD Alborada traballa para dar atención especializada a menores en situación de risco de exclusión social e con problemáticas de diversa índole. Os nosos usuarios son menores derivados dende o Servizo de Menores, tanto vía Protección como Reforma, con idades comprendidas entre os 12 e os 17 anos. Ao longo do ano atenderemos un número indeterminado de rapaces/as (no ano 2016 foron 31) pero non sobrepasando o total

de 18 prazas de ocupación, das cales tres estarán

destinadas o ámbito da Reforma e o resto a Protección.

Partindo disto propoñémonos, cara o vindeiro ano 2017, traballar baixo as premisas marcadas no documento de **Misión, Visión e Valores** que posuímos.

Resaltar que a nosa **misión** consiste en acadar a incorporación social dos menores con dificultades familiares, sociais, académicas e/o condutuais mediante a participación no programa psicoeducativo que se enmarca dentro da programación anual que aquí imos a desenvolver. Entendendo que nos caracterizamos por abordar ditos problemas dende un enfoque educativo, psicoterapéutico, relacional, socializador, responsabilizador, incorporador e de implicación familiar.

A **visión** que desexamos para o centro está enfocada en satisfacer as necesidades dos diferentes usuarios polo que queremos, entre outras cousas, **SER**:

- Considerado como un centro profesional, público, responsábel e innovador.
- Un centro co que se poida contar para novos retos e proxectos.
- áxiles, eficaces e eficientes ante as necesidades detectadas.
- sólidos nos criterios de diagnóstico e de guías de tratamento para menores en conflito.
- Xestores de intervencións para evitar a conflictividade social.
- Ofertantes dun trato persoal que favoreza a accesibilidade e abordaxe psicolóxico, social e educativo nos procesos de recuperación dos menores.


Os **valores** nos que nos apoiaremos serán:

- **Transparencia**, tanto na xestión, como nas relacións, criterios e actuacións
- **Empatía**, poñerse no lugar das persoas e actuar comprometidamente en beneficio delas.
- **Coherencia, solidariedade**, participación co compromiso social e a vontade do servizo
- **Optimización e xestión** eficientemente dos recursos asignados, dando contas ante os organismos pertinentes
- **Capacidade** de escoita, respecto
- **Innovación e Investigación**, para adaptarse á realidade
- **Traballo en equipo** dende unha perspectiva multidisciplinar
- **Eficacia**, dar resposta á demanda dos nosos usuarios
- **Profesionalidade**

### ORGANIGRAMA

Na actualidade, o Equipo profesional do Centro de Día está constituído por un equipo multidisciplinar de elevada cualificación profesional, formación e experiencia, composto por:

- Director da ACLAD Alborada
- Psicólogo
- Tres educadores
- Un profesor de apoio
- Monitora de Actividades Plásticas
- Auxiliar Administrativo
- Persoal de Limpeza



## DIAGNÓSE DA SITUACIÓN

### **AVALIACIÓN E PRIMEIRAS CONCLUSIÓNS DA MEMORIA ANUAL 2016**

A partires dos primeiros datos da **Memoria anual do 2016** e das **conclusións da Memoria anual do 2015** extraemos información relevante para poder propoñer un plan de actuación efectivo e próximo a nosa realidade cara o ano **2017**, apreciando de antemán datos moi significativos a contemplar neste documento á hora de programar o funcionamento do centro. Recollemos estes datos en dous bloques, os derivados dos datos puramente estatísticos e os da xestión realizada e a avaliación dos programas desenvolvidos.

#### **Perfil dos menores asistentes**

Durante o **ano 2016** atendéronse no Centro de Día de Atención ao Menor Alborada un total de **TRINTA E UN (31) menores**, dos cales catro(4) estiveron tanto en réxime de Protección como de Reforma, cumprindo un deles dúas medidas diferentes ao longo do ano. Polo tanto podemos sinalar que ao longo do ano 2016 houbo un total de **TRINTA E CINCO (35) casos**, divididos en **vinte e sete (27) casos en Protección** e **oito (8) en Reforma**. Destes casos, **dezanove (19) foron novos ingresos** no ano 2016. Referente ao tipo de réxime, sinalar a estabilización do número de casos en Réxime de Reforma nun 20% no ano 2016, despois dos descensos dos últimos anos derivados da redución de prazas de Centro de Día de vinte (20) a dezoito (18), e destas, unicamente tres (3) son prazas reservadas a reforma. Isto non sucedía con anterioridade, xa que en algúns anos a ocupación con casos de reforma chegou

ao 54%, ano 2007, ao 58%, ano 2008, ou ao 60% no ano 2010.

No 2016 observamos que, o usuario tipo sería home de 16 anos, baixando a idade media respecto ao ano anterior.

No ano 2016 a circunstancia principal de ingreso continúa a ser por problemas comportamentais e de orientación persoal, un 48%. Por outra banda, sinalar que o 20% dos ingresos produciuse debido a conflitos intrafamiliares.

No referente aos modelos familiares dos asistentes ao Centro de Día, neste pasado ano, sinalar:

- Mantense a mesma porcentaxe de menores usuarios do recurso que viven con ámbolos dous proxenitores, un 29% fronte a un 11% do 2013.
- Igualmente no 2016 contamos coa mesma porcentaxe de menores que viven só coa súa nai e ás veces outro familiar, é dicir familias monomarentais, un 46%.
- Concluimos tamén que nos diferentes modelos familiares, continúan a ser as nais as que asumen o rol de cabeza de familia.

No referente ao área formativo/laboral observamos que ningunha persoa menor usuaria posuía o título da ESO durante a súa estancia no Centro de Día e somentes un 40% completara o 1º ciclo do ensino secundario. Asemade, poderíamos considerar que un 14% dos asistentes durante o 2016 eran analfabetos funcionais.

Por último, sinalar que un 48% das altas no Centro de Día son altas educativas.

## **Xestión e avaliación dos programas desenvolvidos (2015)**

No referente aos recursos materiais entendemos como moi acaídas, para o desenvolvemento da nosa misión, as actuais instalacións do Centro de Menores Alborada. Si ben, entendemos que é necesario continuar coa mellora do equipo informático do Centro debido a súa antigüidade.

Nos recursos técnicos, en especial nos documentos empregados, continuamos, a pesares da reforma dos protocolos de centros de menores, mantendo dificultade temporal da elaboración do Análise Inicial, e mailo Proxecto Educativo Individualizado.

Valórase o GECEM, programa informático propio de xestión do Centro de Menores, como unha ferramenta de traballo fundamental no día a día no centro, mais é preciso continuar unificando criterios entre os diferentes profesionais e o emprego da axenda de profesionais como novo elemento de xestión.

No referente ás relacións externas mantidas dende o Centro de Día hai que sinalar como moi positivo o fluído contacto co Servizo de Menores da Xunta de Galicia, coas Fiscalías de Protección e Reforma e Xulgado de Menores.

Tamén entendemos que é un punto forte na xestión do Centro de Día o traballo en rede con outras institucións alleas a ACLAD Alborada, centros escolares, servizos de ocio e tempo de lecer, de busca de emprego, emprego de infraestruturas, recursos sanitarios e saúde,...

Ano a ano, entendemos que, é preciso desenvolver este campo, fortalecendo as alianzas existentes e creando outras novas.

Por outra banda o traballo en rede interno, con outros dispositivos da ACLAD Alborada, tamén

se converte nun pilar fundamental no funcionamento do Centro, onde é habitual no traballo diario a colaboración co persoal e emprego dos recursos propios do "Proxecto Ambulatorio de Intervención con Menores en Conflito", ou dos outros dispositivos de Alborada como o Proxecto Creative, Laboratorio, Comunidade Terapéutica, UAD, Programa Verdear, Proxecto Tarea,...

Despois dos avances na posta en marcha do Plan de Xestión en Calidade no trienio 2012-14, o ano 2015 supuxo un estancamento do mesmo despois da elaboración dun Sistema de Avaliación da Satisfacción dos Usuarios. Este estancamento na revisión e posta ao día do plan de calidade prolongouse durante o ano 2016.

Con respecto a avaliación dos programas desenvolvidos no Centro de Día remitímonos ao apartado AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS REALIZADOS NO CD da Memoria Anual 2015 no que se expoñen as diversas valoracións de cada un dos programas e as súas conclusións. Nembargantes queremos resaltar:

- Programa de Apoio, Reforzo e Orientación Escolar: Vemos necesario, debido a actual coxuntura económico-social, continuar reforzando o programa específico de Probas Libres, debido ao incremento de menores desempregados e desescolarizados que demandan axuda no campo formativo. Así no pasado 2015, mais dun 36% dos menores asistentes ao Centro de Día participaron neste programa.

Por outra banda, podemos sinalar que un 42% das persoas menores participantes no programa asistiron ao Centro de Día en períodos nos que foron expulsados dos seus centros escolares, realizando as tarefas

académicas encomendadas dende os mesmos

cos que, como xa foi indicado, realízase un traballo en rede.

Tamén avaliamos como positivo o feito de que un 8% dos asistentes realizaran unha adaptación da “escolarización combinada” en colaboración ou demanda dos seus institutos. É dicir, dentro das súas horas lectivas, asistían, debido a diferentes motivacións, unhas horas ao centro escolar de referencia e outras ao Centro de Día onde continuaban realizando o seu traballo académico.

- No *Programa de Ocio e Tempo de Lecer* sinalar o éxito das saídas, tanto as de carácter educativo como as que teñen un obxectivo máis lúdico, o feedback amosado polos menores a posibilidade de intervención educativa en contextos diferenciados ao actual así o demostran.
- Intervención grupal con Familias: Valórase moito este Programa dada a importancia que ten como un espazo de intercambio de ideas, solución de problemas e aprendizaxe de novas ferramentas educativas para mellorar as capacidades educativas dos proxenitores ou titores así como espazo onde os pais se sintan escoitados e comprendidos.
- Programa de Habilidades Sociais, entendemos que o traballo neste área faise fundamental con cada menor de xeito individual, aínda que, o enfoque que se lle pode dar dende un traballo grupal tamén é preciso debido ao reforzo entre iguais.
- Por último, sinalar a necesidade de innovar no Programa de Inserción

Sociolaboral, actualizar materiais e recursos, renovar e tentar que, pese as circunstancias sociais, o programa sexa acaído as necesidades das persoas menores demandantes de emprego. A pesares disto, hai que avaliar negativamente os seus resultados pola pouca repercusión que tiveron nos participantes no mesmo debido a que toman o fracaso como punto de partida, polo que a motivación e interese na busca de emprego son mínimos.

## **NOVIDADES PREVISTAS PARA O 2017**

### **Administrativas**

As conclusións da Memoria Anual 2015 continuaban sinalando o incumprimento, polo menos de xeito parcial, do obxectivo de optimizar no área administrativa e de xestión o uso do programa informático do Centro de Menores, GECEM. Ata ese momento, o seu uso ía dirixido a ser unha base de datos das diferentes intervencións cos menores e as súas familias, depósito de información sobre as mesmas, actividades do Centro e depósito e rexistro de Informes. No 2017, novamente marcámonos como obxectivo que a Axenda do GECEM teña máis pulo para definitivamente rematar converténdose nunha ferramenta fundamental na coordinación e xestión do persoal do Centro de Día. Asemade durante o vindeiro ano estudarase a posibilidade de mudar de programa de xestión informática coa aplicación XECEME.

Por outra banda, no referente a xestión en calidade, existe o compromiso do equipo educativo de retomar a mesma.

Así, pularase por retomar o Cadro de Mando Integral como ferramenta de xestión do Centro

de Menores e os diferentes planos de acción incluído no mesmo: Plan de Relacións coa Xunta, Plan de Formación, Plan de Deseño de Novos Programas, Plan de Optimización de Recursos e Redución de Gastos, Plan de Comunicación e Prensa, Plan de Xestión da Calidade, Plan de Avaliación, Plan de Melloras das Relacións Institucionais e Plan de mellora do Clima Laboral.

No ano 2017 é preciso actualizar e retomar os pasos dados para avanzar cara a obtención dun Selo de Calidade como é o ONG de Calidade certificado polo Instituto para a Calidade das ONG

#### **Estruturais e/ou materiais**

Marcabámonos como obxectivo na Planificación Anual 2016 continuar coa renovación dos Equipos Informáticos do Centro, en especial os da Aula de Novas Tecnoloxías. A pesares disto, foi imposible continuar coa renovación dos e empregados polos profesionais do Centro. Polo tanto neste 2017 mantemos o obxectivo da renovación dos equipos.

#### **Poboación atendida/usuarios**

Non se contemplan modificacións no número de usuarios atendidos nin nas súas características no ano 2017. Non obstante, marcámonos como obxectivo continuar superando a taxa xeral de ocupación do Centro de Día, establecida o pasado ano nun 83%, co gallo de optimizar o recurso.

#### **Recursos humanos**

O obxectivo cara o ano 2017 é o mantemento de todos os profesionais do Centro de Día.

## **XESTIÓN DOS RECURSOS DO CENTRO**

### **1.- RECURSOS HUMANOS**

#### **Persoal que conforma a plantilla**

O Equipo profesional do Centro de Día estará constituído por un equipo multidisciplinar de elevada cualificación profesional, formación e experiencia composto por:

- Director da ACLAD Alborada
- Psicólogo
- Tres educadores sociais
- Un mestre de educación especial
- Unha monitora de Actividades plásticas
- Unha auxiliar administrativo
- Persoal de limpeza

O longo dos anos, os profesionais do equipo educativo, veñen adquirindo formación e experiencia profesional específica e especializada no campo de menores, drogas e colectivos en risco de exclusión social o que avala a nosa calidade de intervención.

Pola nosa pertenza a ACLAD ALBORADA contamos co apoio e colaboración de distintos profesionais como psiquiatras, médicos, traballadora social, farmacéutica cos que podemos contar para intervir en distintas situacións que nos poidan xurdir cos usuarios do servizo de Centro de Día de Menores.

#### **Órganos Colexiados**

**Os órganos colexiados** existentes en Alborada son:

- **Xuntanzas da Xunta Directiva** da ACLAD Alborada, encárgase do funcionamento xeral da asociación e reúnese mensualmente

- A **Asemblea de Coordinadores/as** dos programas existentes na Asociación: Unidade Asistencial a Drogodependentes, Unidade de Día e Grupo de Integración Social, Comunidade Terapéutica, Programa de Prevención do Consumo de Drogas “Proxecto Creative” e o Centro de Menores. Realízase un seguimento e posta en común do funcionamento dos distintos programas así como das proposta de novos programas a implementar nos distintos servizos. Ten carácter trimestral.
- O **Comité de Empresa**, formado polos cinco Representantes Legais dos Traballadores/as que se reúne mensualmente con fin de mediar entre Asociación e os traballadores/as nos diferentes conflitos laborais que poidan xurdir.
- **Reunión de profesionais do Centro de menores**, onde se coordina a intervención do Centro de Día e a do Programa Ambulatorio. Con carácter mensual e dúas reunións anuais de avaliación nos meses de setembro e xaneiro.
- **Reunións do Equipo Psicoeducativo do Centro de Día** de Atención ao Menor Alborada :
  - Os luns a primeira hora o Director da ACLAD Alborada convoca a unha xuntanza onde se avalía o estado xeral do Centro e as súas necesidades.
  - Todos os venres celébrase unha xuntanza onde se fai un seguimento da evolución dos diferentes usuarios do servizo.
- **Reunión de Educadores e Educadoras do Centro de Día**: Xuntanza dos martes na

que o grupo de educadores concreta a programación semanal de actividades e búscase solucionar os posibles problemas de xestión no día a día.

- **Reunións de Calidade** mensuais onde se pon en marcha, promove e avalía, o Programa de Xestión Estratéxica do Centro de Menores e os seus diferentes Plans de Acción. Igualmente, e con carácter trimestral, procédese a avaliación dos Procesos Clave do Centro de Menores en base a Indicadores.

### Plan de Formación

Un dos valores da “Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga ALBORADA”, foi sempre o de **potenciar a cualificación dos/as seus/súas profesionais** mediante a participación en actividades de formación continua relacionadas co desempeño da súa función. Así, no Centro de Menores Alborada, e dentro do Plan de Formación emanado do Programa de Xestión Estratéxica contemplase a formación dende súas perspectivas: A **Formación Interna** e a **Formación Externa**.

- **Formación Interna**: Con carácter semestral organizarase, como mínimo, unha sesión formativa destinada ao persoal do Centro de Menores. É unha formación xurdida no propio Centro e para o propio Centro. Como novidade cara este ano, decidiuse abrir estos actos formativos cara o persoal doutros centros de menores e entidades de protección da infancia e xuventude.

Así cara o vindeiro ano, temos dúas xornadas previstas para o vindeiro 23 de xaneiro e outra para o 6 de febreiro, pendente de organizarse a actividade formativa do segundo semestre do 2017.



### **Xornada Trastornos de Condura na Adolescencia**

- Data: 23 xaneiro 2017. de 9 a 13 h.
- Ponente: Estrella Romero. Profesora do *Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía do Área de Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos* da USC
- Recursos Destinados: Recursos propios do Centro de Menores necesarios para a sesión
- Lugar onde se impartirá: Instalacións do Centro de Menores Alborada.

### **Seminario de Sexualidade na Adolescencia**

- Data: 6 de febreiro de 9 a 13 h.
- Ponentes:
  - Emilio López Bastos. Licenciado en Psicoloxía, Master en Sexoloxía e Presidente de SOGASEX.
  - Vanessa Rodríguez Pousada. Psicopedagoga e Mestra especialista en Educación Especial, estudos en Psicoloxía e Sexoloxía. Membro de ASEIA e SOGASEX.
- Recursos Destinados: Recursos propios do Centro de Menores necesarios para a sesión
- Lugar onde se impartirá: Instalacións do Centro de Menores Alborada.

- **Formación Externa:** Por formación externa entendemos a promoción da **asistencia e participación** do persoal do Centro De Día de Atención ao Menor **en actividades formativas** realizadas por outras entidades ou institucións. Para isto, e tal como se

recolle no Artigo 16 do Convenio Colectivo da ACLAD Alborada, "facilitarase a información relativa a formación recibida. Ademais os traballadores de Alborada poderán dispor de sete días ou cincuenta e seis horas laborables ao ano para formación, sen computar aquelas para as que algún profesional sexa designado como membro de Comités Científicos ou Investigadores nin cando presenten relatorios ou comunicacións relacionadas coa súa actividade profesional en representación da Asociación".

➤ **Responsable do Plan de Formación:** Ana Rial Tato

#### ➤ **Indicadores de avaliación:**

- N° ponencias
- N° cursos deseñados
- N° asistentes a cursos deseñados
- % satisfacción asistentes a cursos deseñados
- N° asistencias a cursos
- N° xornadas internas realizadas
- N° traballadores que reciben formación (I/E)
- % satisfacción da formación interna

## 2.- RECURSOS MATERIAIS

### O espazo físico

O "Centro de Menores Alborada" desenvolve as súas actividades nun local situado na rúa Arquitecto Pérez Bellas número 9, nunha zona céntrica e ben situada da cidade de Vigo. O local, de 276'25 m<sup>2</sup>, está adaptado ás necesidades dun Centro de Atención de Día, tanto polas características do mesmo como polos recursos que nos oferta o entorno, de tal xeito que contén todos os elementos necesarios para atender adecuadamente aos/ás menores.

No referente a distribución dos espazos contamos con:

- Sete despachos individuais
- Un despacho colectivo
- Aula de Novas Tecnoloxías. Consta de cinco postos informáticos con acceso a internet, Mediateca (Biblioteca Multimedia, software educativo, películas, documentais,...), televisión, reprodutor VHS e DVD e canón de vídeo. Este aula é de uso común tanto para usuarios/as como profesionais.
- Aula de Ocio e Tempo de Lecer, espazo multifuncional de convivencia dos/as mozos/as, inclúe armario de xogos de mesa, prensa e revistas, mesas, diana de dardos, TV e WII. Ademais a sala é tamén empregada para a realización dos obradoiros de Busca Activa de Emprego (BAE) e de Actividades Plásticas e Creatividade. Espazo de uso común por mozos/as e profesionais.
- Aula multifuncional empregada como biblioteca (biblioteca de lectura, e apoio ao estudo e orientación laboral,

enciclopedias,...), aula de estudo e para a realización de programas variados: habilidades sociais, relaxación, educación para a saúde e reunión de pais e nais

- Comedor, pódese dividir por medio dunha porta corredeira de madeira converténdose en dúas salas, dispón dunha pequena cociña (microondas, lavalouzas, fregadeiro, neveira e un armario para a comida e o menaxe). Espazo de Uso común.
- Aseo con prato de ducha.
- Almacén. Cuarto do servidor informático e router. Roupeiro.
- Cuarto de limpeza
- Baño
- Baño adaptado. Neste baño están situados, baixo chave, a botica de primeiros auxilios e o armario cos produtos de hixiene dos menores e profesionais (cepillos de dentes, pasta dentrífica, desodorantes, champú,...) e os elementos necesarios para a realización de uroanálises.
- Corredor, que inclúe sala de espera, taquillas e percheiros dos menores. Espazo de uso común

### Mobiliario, enseres e material didáctico

O Centro dispón de mobiliario, utensilios, aparatos e enseres apropiados para a vida cotiá e que garanten a seguridade e o benestar dos/as menores. Igualmente o centro está acondicionado a dar resposta ás diferentes circunstancias e idades dos mozos e mozas. Anexo a esta Programación Anual recolleemos un inventario do mobiliario e enseres.

Para realizar unha descrición do equipamento do Centro de Día teríamos que facelo tendo en conta os recursos propios e os recursos que

proporciona pertencer á ACLAD Alborada.

### **Recursos Propios do Centro de Día e Material Didáctico**

**Dotación Informática:** Hai que sinalar o alto nivel de uso das Novas Tecnoloxías nas instalacións do Centro de Día, así todos os despachos están dotados de postos informáticos con acceso a internet ao igual que no aula multifuncional e o aula de Novas Tecnoloxías, aula onde os/as menores teñen a súa disposición cinco equipos informáticos cos últimos adiantos, ademais dun escáner.

**GECEM:** Para a xestión e organización do centro e o tratamento da información referente aos/as menores e as súas familias contamos cun programa informático propio o GECEM, (Programa de Gestión de Centros de Menores)

**Servidor Informático:** No almacén existe un equipo informático que ten a finalidade de actuar como servidor informático do Centro. É neste equipo, gardado sempre baixo chave, onde se depositan en soporte dixital os diferentes documentos empregados no Centro, os informes, a base de datos do GECEM,...

Ao servidor realízase mensualmente unha copia de seguridade nun disco duro externo gardado, igualmente baixo chave, noutro espazo.

**Bibliotecas:** O Centro de Día esta dotado con dúas bibliotecas. Por unha banda a biblioteca dos profesionais, con centos de volumes que achegan ao Equipo Educativo experiencias, recursos ou información de múltiples temas como intervención con menores, trastornos condutuais, habilidades sociais, intervención con familias,....

Nesta biblioteca están incluídos os soportes documentais dos diferentes programas que podemos desenvolver no Centro de Día,

tanto o material físico necesario, fichas, dvd's,.... así como a súa programación e as actividades concretas de cada sesión e a súa avaliación.

Por outra banda contamos coa biblioteca dos/as mozos/as, atópase fisicamente no aula multifuncional e divídese en dúas seccións, primeiro a de Fomento da Lectura ligada co programa específico do mesmo nome (literatura xuvenil, cómic, novela,...) e segundo a de apoio ao estudo con libros de texto das diferentes materias e niveis do ensino e material específico para traballar Necesidades Educativas Especiais.

Os fondos sa bibliotecas veranse incrementados en base as necesidades detectadas polo Equipo Educativo

**Banco de Libros de texto:** Dende o pasado 2014 o centro conta cun pequeno banco de libros de texto o cal se continuará completando no 2016. É frecuente o ingreso de menores que debido ao seu absentismo, estar en situación de desescolarización, baixos recursos económicos,... non teñen libros de texto, polo que comezamos a recoller doazóns de libros co obxecto de reutilizalos. O Banco de Libros está situado no Aula de Estudo, nos baixos da biblioteca.

**Mediateca:** O traballo coas NNTT (Novas Tecnoloxías) levounos hai anos a iniciar unha recopilación de diferentes materiais en diversos soportes, así a Mediateca recolle múltiple material multimedia como software educativo, documentais de apoio ao area escolar, documentais para traballar contidos transversais, películas,... O obxectivo cara este 2017 é continuar ampliando e mellorando o material da nosa mediateca.

**Material de lecer:** No aula de ocio e tempo de lecer existe un espazo dedicado a gardar diferente material lúdico de toda característica posible, xogos didácticos, xogos de

mesa, taboleiro dixital de dardos, xogos tradicionais e de habilidade e mesmo xogos de consola como a Wii de Nintendo. Os obxectivos cara o ano 2017 pasa por continuar adquirindo novos xogos e mandos para a consola Wii.

**Banco de Roupa:** É habitual que os rapaces e rapazas usuarias do Centro de Día precisen de apoio para cubrir as súas necesidades básicas, entre elas a súa vestimenta. Debido a isto, comprobouse que era necesario ter permanentemente un pequeno banco de roupa, mudas, calcetíns, camisetas,... que axuden a resolver de xeito inmediato estas carencias. O Banco está situado nun armario no almacén e irá repoñéndose segundo se vaia adxudicando a roupa alí depositada.

#### **Recursos derivados da pertenza a ACLAD Alborada**

**A Asociación Ciudadana de Lucha contra la droga ALBORADA** comezou a súa labor preventiva, asistencial e de incorporación social no campo das drogodependencias no ano 1982. Ao día de hoxe conta con diferentes dispositivos como a Comunidade Terapéutica. Posteriormente creouse a Unidade Asistencial, o Centro de Día de Drogodependencias, o Centro de Día de Atención al Menor e o Programa Creative. No ano 2008, nas mesmas instalacións do Centro de Día de Atención al Menor, ponse en funcionamento o Programa de Intervención Ambulatoria con Adolescentes en Conflicto, constituíndo o Centro de Menores Alborada.

O feito de pertencer a unha O.N.G. tan ampla, permítelle ao Centro de Día estar integrado nunha estrutura máis ampla o que **permite coordinarse** cos diferentes programas da Asociación. Ademais **beneficiarse** de

diferentes recursos comúns como:

A ACLAD Alborada dispón de *dúas furgonetas* (7 e 9 prazas) que se convirten nun recurso fundamental do centro empregándose en diferentes actividades de ocio e tempo de lecer, saídas educativas, xestións escolares, coñecemento de recursos,...

Alborada dispón dun *laboratorio* o cal nos permite a realización de urinoanálises aos menores cando así o aconsella o seu Programa Educativo Individualizado.

O Centro de Día de Atención o Menor Alborada dispón de empresas de mantemento para a conservación das boas condicións do material e das instalacións.

#### ➤ **Responsable de mantemento e supervisión:**

Podemos sinalar que nesta área hai diferentes responsables dependendo das características do recurso a manter.

Por unha banda o espazo físico, mobiliario e enseres do que a súa responsable é a administrativa do Centro, María Rego. Igualmente a administrativa é a responsable do **Plan de optimización de Recursos e Reducción de Gastos.**

Por outra banda, dos equipamentos informáticos, biblioteca, Mediateca e Banco de Libros de Texto é responsable o profesor de apoio, Alfonso L. López.

E por último, o responsable dos materiais didácticos é o educador Nicolás Domínguez.

#### ➤ **Indicadores de avaliación:**

- % incremento/descenso consumos (auga, luz, telefono,...)
- Nº novos recursos materiais
- Nº supervisións anuais das instalacións


- % de reparacións que se realizan nun tempo axeitado
- % de satisfacción dos usuarios coas instalación e materiais do Centro de Día

### 3.- RECURSOS TÉCNICOS

#### Recursos técnicos

Entendemos, por recursos técnicos, aqueles que serven como ferramentas e/ou instrumentos auxiliares na coordinación dos outros recursos, e dicir o soporte físico e teórico que axuda a desenvolver o conxunto de procesos e fases da intervención educativa cos menores e as súas familias para así cumprir a misión do Centro de Día. Estes recursos técnicos veñen ditados ben polos protocolos de obrigado cumprimento, e as súas recentes modificación no pasado 2016, ou ben pola nosa experiencia e quefacer diario.

#### ITINERARIO DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA CENTRO DÍA. PROCESOS CLAVE



Así, como observamos na gráfica superior, atopámonos dentro das diferentes fases de intervención dunha serie de protocolos de intervención e os seus documentos asociados:

#### Fase 1: Ingreso

- Libro de Ingresos
- Documento de actuacións preparatorias e seguimento do ingreso (FI, D1)

- Documento de Dereitos e Deberes das Familias (FI, D2)
- Contrato Educativo de Ingreso (FI, D3)
- Contrato Familiar (FI, D4)
- Documento de Identificación (FI, D5)
- Exemplo de Traballo Provisional (FI, D6)
- Informe de Notificación de Ingreso (FI, D7)
- GECEM. Programa informático de xestión do Centro de Día. Rexístranse as diferentes fichas, área persoal, área xudicial, área familiar, área relacional, área formativo/laboral e área de saúde.
- Rexistro de queixas e reclamacións
- Follas de suxestións
- Expediente do Menor (Inclúe documentación administrativa, sanitaria, educativa e outros.

#### Fase 2. Acolliada e Valoración:

- Plan de caso
- Informe Inicial (FAV, D1)
- Rexistro de Características de Saúde (FAV, D2)
- Rexistro de Medicación (FAV, D3)
- Proxecto Educativo Individualizado PEI (FAV, D4)/ Proposta de Programa Individualizado de Execución da Medida, PPIEM
- GECEM: intervencións, grupos,...
- Rexistros de Informes
- Rexistro de queixas e reclamacións
- Follas de suxestións
- Rexistro de saídas e visitas
- Rexistro de Reforzos Educativos e Medidas Correctivas

### Fase 3. Intervención

- Informe de Seguimento do PEI (FINT, D1)
- Informe de Incidencias (FINT, D2)
- GECEM (Intervencións, Grupos, Fichas)
- Rexistro Informes
- Enquisas avaliación
- Rexistro de queixas e reclamacións
- Follas de suxestións
- Rexistro de saídas e visitas
- Rexistro de Administración medicación
- Rexistro de Reforzos Educativos e Medidas Correctivas

### Fase 4: Preparación Alta Educativa ou Baixa

- Informe Final (FAB, D1)
- Notificación de Baixa (FAB, D2)
- GECEM: intervencións, Grupos,...
- Rexistro Informes
- Enquisa satisfacción final
- Rexistro de queixas e reclamacións
- Follas de suxestións
- Rexistro de Reforzos Educativos e Medidas Correctivas

### Fase 5: O Centro como Recurso de Referencia (Programa Post-institucional)

- GECEM: Intervencións, Grupos,...
- Enquisa Postinstitucional

Ademáis dos **Recursos Técnicos** propios da intervención cos menores e as súas familias, é fundamental sinalar outros que son igualmente fundamentais para a **coordinación do Equipo Educativo**:

- Libro de Actas das Reunións de Análise de casos e Intervención Educativa
- Libro de Actas das Reunións de Organización
- Libro de Incidencias Diario
- Libro de Actas do Comité de Calidade
- Libro de usuarios e usuarias
- Memoria Anual
- Programación Anual
- Planilla de Organización do Centro de Día

A maiores de toda esta **documentación** están as carpetas de cada **programa específico** e súa documentación e materiais propios.

#### ➤ **Responsables da elaboración e execución.**

Os responsables da elaboración e execución dos documentos de traballo, protocolos, etc son os diferentes membros do Equipo Educativo.

#### ➤ **Indicadores de avaliación**

- Rexistros no GECEM
- Nº Plans de caso achegados
- Taxa de retraso nos Plans de caso
  - Nº Informes Iniciais
- Nº protocolos inmediatos aplicados
  - Nº Intervencións
  - Nº PEI elaborados
  - Nº Reunións Equipo CD
- Nº de queixas e reclamacións
  - Nº saídas e visitas
- Nº medicacións administradas
  - Nº Reforzos Educativos
  - Nº de Medidas Correctivas
- Nº sesións e Programas desenvolto

- Nº Informes de Evolución
- Nº Informes de Incidencias
  - Nº Informes Finais
- Nº Notificación de Baixas
  - Taxa retraso Informes

#### 4.- RECURSOS ECONOMICOS

##### Recursos Económicos

O presuposto previsto cara o vindeiro ano é de 279.225,00 € na súa totalidade provintes da subvención derivada do convenio coa Consellería de Política Social.

O “Centro de Día de Atención ao Menor Alborada” non ten outros ingresos, xa sexan doutras subvencións ou de socios colaboradores

##### ➤ Responsables

Os responsables dos recursos económicos son a Xerente da ACLAD Alborada, Dona Pilar Álvarez Ilarri e mais o contable, D. Jaime Gómez

##### ➤ Indicadores de Avaliación

- Mantemento do servizo
- Optimización de recursos
  - Redución do gasto

#### 5.- RECURSOS EXTERNOS

##### Traballo en rede

Dende o momento que un/ha menor ingresa no Centro de Día, vanse deseñando as diferentes áreas nas que se vai traballar con él/a e maila súa familia. Iso implica, ademáis dun traballo por parte dos profesionais do Centro de Día, unha coordinación con outras entidades, coas que imos traballar en rede dependendo das necesidades que atopemos no/a menor ou na súa familia.

En liñas xerais as principais alianzas e traballo en rede coas que contaremos este vindeiro ano son as seguintes:

ÁMBITOS EN REDE	RECURSOS ESPECÍFICOS
SOCIAL	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Servizo de Menores</li> <li>- Servizos Sociais (educadores familiares, traballadores sociais,...)</li> <li>- Secretariado Xitano</li> <li>- AMINO Galicia</li> <li>- SOGASEX</li> <li>- ASEIA</li> </ul>
MÉDICO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades de Saúde Mental</li> <li>- Sergas (pediatra, médico de familia, especialistas)</li> <li>- ACLAD Alborada e as diversas UAD’s dos distintos concellos</li> <li>- Centro de Orientación Familiar de Vigo</li> </ul>
ESCOLAR	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Institutos e Colexios (orientación, titores, dirección, profesorado)</li> <li>- Inspección de Educación</li> <li>- Equipos de Orientación Específica</li> <li>- ANHIDA</li> <li>- Plan Comunitario de Teis</li> <li>- Radio Ecça</li> </ul>
FORMATIVO/ LABORAL	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Servizo Público de Emprego de Galicia. INEM</li> <li>- Centros formativos (coordinadores, titores, profesorado)</li> <li>- Érguete</li> <li>- Cáritas</li> </ul>
LEGAL	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Policía Nacional (UFAM e outros servizos)</li> <li>- Policía local</li> <li>- Policía Autonómica</li> <li>- Garda Civil</li> <li>- Xulgado de Menores (xuíz, fiscal, Equipo Técnico) Fiscalía de Protección de Menores</li> </ul>

ACOLLIDA	- Casas de Familia - Centros Residenciais
VOLUNTARI ADO	- Fundación Vigo Deporte VIDE - Fundación Laxeiro - Cruz Vermella - Banco de Alimentos - Alento Asociación de Dano Cerebral
LECER	- Abertal - Equipos deportivos (directiva, adestradores) - Casa da Xuventude - Ximnasio público do Carme - Campamentos de verán (monitores, dirección) - Punto Xove

Chegado o caso, ao longo do ano poderemos botar man de recursos máis especializados que podan axudar nunha demanda particular ou nunha necesidade dun/ha menor ou da súa familia. Ademais, continuaremos a busca de novos recursos vendo a situación actual onde algúns desaparecen e nacen outros.

#### ➤ **Responsables**

Dentro do Plan de Xestión de Calidade atopámonos co **Plan de Mellora das Relacións Institucionais** que fai referencia específica a política de alianzas, o coordinador do mesmo é o educador Antonio García.

Mais no día a día é o equipo multidisciplinar do Centro de Día o responsable de facer os contactos e manter a relación cos distintos recursos externos.

## **DEFINICIÓN DO PROGRAMA E PLANIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES**

### **1. PROGRAMA**

O programa a desenvolver no transcurso do ano 2017 pretendemos que se caracterice polo dinamismo e pola efectividade do traballo a realizar de maneira individual e colectiva cos usuarios; ten como finalidade favorecer o pleno desenvolvemento de todas as facetas da súa personalidade, nun ambiente o máis parecido ao ámbito familiar, sendo esencial o traballo e a relación coa familia dos/das menores, sempre e cando esta sexa favorable para aqueles. O núcleo do programa xeral o formarán os distintos programas especializados, cos que xa viñamos traballando, e que fóronse mellorando, actualizándose e perfeccionándose.

Os menores usuarios serán preferentemente de idades comprendidas entre 12 e 17 anos (ambos inclusive), de ámbolos dous sexos. O perfil dos menores atendidos será o de aqueles que manifestan diferentes problemas de tipo comportamental, disocial, académico ou familiar, para os cales as intervencións puntuais, ambulatorias ou integradoras fracasaron ou resultan insuficientes e que requiren dun programa intenso e especializado a desenvolver en réxime de día. Recordar que independentemente da orixe da entrada no centro incluíremolos nos programas que consideremos oportuno segundo as súas necesidades, ben de forma individual ou grupal.

A metodoloxía está inspirada na Profesionalización propia do Recurso e na Programación Educativa que de maneira individual, grupal e familiar levamos a cabo; basearémonos nunha serie de principios que pretenden reflexar a filosofía do noso traballo:



Multidisciplinidade e Transdisciplinaridade, Individualización, Flexibilidade e Discernir-Valorar: Problemática vs Normalización.

Para o desenvolvemento dos programas participaremos todos os integrantes do equipo educativo do centro de día: tres educadores, un profesor de apoio, unha monitora de actividades plásticas e un psicólogo.

Toda documentación a utilizar para cada un dos programas está enmarcada no dossier propio do programa contando para cada un deles unha carpeta nomeada, polo que nos remitiremos a ela para a realización das sesións e utilizaremos a maiores a bibliografía baseada na temática ou as dinámicas de realización propia coas que xa contamos ou que buscamos a través das novas tecnoloxías. Recopilaremos de forma meticulosa toda aquela información, rexistros ou dinámicas que vaíamos xerando por conta propia ou colectiva para así innovar e adaptarnos aos cambios propios de cada programa. De xeito periódico incorporaremos novas adquisicións didácticas ou bibliográficas para así estar actualizados e contar con material de última orde.

Cada programa estará rexistrado no GECEM (programa informático de xestión do Centro de Menores), e se anotarán cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

A continuación incluímos de maneira sintetizada e coa mesma estrutura (xustificación do programa, destinatarios, metodoloxía e responsábel) todos os programas cos que decidimos traballar cara o ano que ven. No transcurso do día a día desempeñaremos a nosa labor de forma grupal

e individual xa que son a nosa ferramenta tanto para a detección de dificultades como ao mesmo tempo a propia solución para os mesmos.

### **PROGRAMA DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA**

Os últimos estudos sobre a abordaxe psicolóxica realizados desde contextos residenciais, como pode ser o do Centro de Día, insisten na necesidade de cambiar os modelos de intervención de tipo asistencial, centrados nun enfoque psicolóxico-clínico, individualizador e etiquetante, por outros modelos centrados máis na análise e na contextualización das necesidades del menor, así coma dos principais factores que rodean a súa conduta e substituílos por modelos máis competenciais (Fernández del Valle y Fuertes Zurita, 2000).

A xeito de marco de referencia xeral e sen ánimo de rexeitar ningún modelo teórico-psicolóxico, poderíamos atopar evidentes similitudes entre o modelo de intervención psicolóxica que se ten aplicado no Centro de Día, cos fundamentos teóricos da terapia multisistémica; a teoría social-ecolóxica de Bronfenbrenner; así tamén, pódense atopar influencias da Teoría de Andrews e Bonta (2003), así coma doutros modelos de corte fundamentalmente sistémica. Neste senso, convén mencionar respecto da terapia multisistémica que se orienta a identificación dos problemas do adolescente e a súa familia no contexto comunitario e ás intervencións realízanse no ambiente natural. Esta teoría ve ao individuo e a comunidade coma sistemas interconectados con influencias dinámicas e recíprocas. Os obxectivos están orientados a enriquecer a pais/nais con recursos e habilidades para atender a crianza de adolescentes así como para que estes fagan fronte a problemas familiares e extrafamiliares.

Pola súa banda, Andrews e Bonta defenden a existencia de *factores estáticos*, inherentes ao suxeito e ao seu pasado, difíciles de cambiar, e os *factores dinámicos* tamén chamados *necesidades criminóxenas*, e que son todas aquelas circunstancias que concorren na vida do mozo/a que teñen que ver ou están asociadas co seu estilo de vida antisocial. Inclúe actitudes e valores antisociais, falta de cualificación laboral e escolar, pais/nais inadecuados na súa tarefa de socialización (inexistencia ou pautas educativas erróneas; de supervisión do comportamento do rapaz/a; mala comunicación na familia; apego afectivo escaso), grupo de amigos que reforzan o absentismo escolar, o abuso do alcol ou as drogas e outros comportamentos antisociais, e escaso desenvolvemento da intelixencia social ou persoal entre outras e que son modificables e que van ocupar o eixe fundamental da intervención psicolóxica.

As devanditas necesidades criminóxenas constitúen un grupo de obxectivos de intervención de primeira orde, xa que se resultan afectados nun sentido positivo promoven a competencia social do suxeito e a modificación de estilos de vida antisociais. Polo tanto constitúen propiamente o programa de tratamento. Tratarase pois de incidir sobre todo ese conxunto de factores individuais, sociais e ambientais que poden previr ou reducir a probabilidade de desenvolver desordes e a influencia de todos eses factores de risco e potenciar ao máximo, e na medida do posible, potenciar todos aqueles outros factores protectores. Resulta de utilidade para estruturar e fixar os obxectivos a traballar a aplicación do Inventario de Xestión e Intervención para Mozos (adaptado por Silva do Rosario, T.; López Martín, E. e Garrido Genovés,

V., 2004) e diversos materiais publicados dende a Axencia da Comunidade de Madrid para a Reeducación e Reinserción do Menor Infractor. Este inventario aplicouse fundamentalmente na intervención con novos infractores (de reforma), aínda que tamén pode utilizarse para a programación daqueles menores en situación de risco e/ou desamparo, dada a coincidencia de elevados indicadores de risco que presentan.

**Destinatarios:** Todos os usuarios do Centro de Día.

**Metodoloxía:** Esta será de tipo activo e participativa. O formato é, xeralmente, de tipo individual, xa que resulta moi complicado, polas características do centro, poder formar un grupo de adolescentes coa mesma problemática e que poidan permanecer nel durante toda a aplicación do programa. Como xa se comentou, aquí asisten menores para cumprir unha medida, ás veces con algunha obriga, de modo que o tempo que van pasar neste dispositivo xa ven marcado de xeito externo.

O primeiro paso antes de comezar será a realización dunha avaliación, que levarase a cabo mediante as entrevistas mantidas co menor e familias se fora necesario e a aplicación dalgunhas probas psicométricas. Parécenos moi importante coñecer a opinión dos nenos respecto a ter que vir ao centro.

**Responsable:** O psicólogo do Centro, Manuel Muñíos Collazo


**Soporte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado

tamén no GECEM (programa informático de xestión do Centro de Menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

### PROGRAMA DE INTERVENCIÓN NO MALTRATO

O Programa aborda a intervención no maltrato dende tres perspectivas diferenciadas, por unha banda o **Programa de Intervención con Menores que Exercen Maltrato nos seus Fogares ou nas súas Relacións Sociais ou de Parella**, por outra o **Programa de Prevención e Tratamento para Familias con Prácticas de Diversas Formas de Maltrato**, e nunha terceira o **Programa de Tratamento a Víctimas de Maltrato**.

Así atopámonos con tres programas diferenciados que interveñen directamente cos/as adolescentes, coas familias e finalmente coas vítimas.



**Destinatarios:** Trátase dun programa terapéutico, dentro doutro máis amplo, dirixido a mozos/as de entre 12 e 18 anos, usuarios do centro de día, que presenten condutas ou sintomatoloxía pola exposición a situacións de maltrato, xa sexa no ámbito familiar ou nas súas relacións afectivas ou sociais.

**Metodoloxía:** Resulta moi complicado, polas características do centro, poder formar un grupo de adolescentes coa mesma problemática e que poidan permanecer nel durante toda a aplicación do programa, polo que normalmente o formato será en sesións individuais. Esta será de tipo activo e participativa.

O primeiro paso antes de comezar será a realización dunha avaliación, que levarase a cabo mediante as entrevistas mantidas co menor e familias se fora necesario e a aplicación dalgúns probas psicométricas. Parécenos moi importante coñecer a opinión dos nenos respecto a ter que vir ao centro. Do mesmo modo, interésanos o que pensan respecto a conduta violenta, a súa utilización e se creen que, neles, esta supón un problema.

**Responsable:** O psicólogo, Manuel Muíños

**Soporte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

### PROGRAMA ESTIMULACIÓN NEUROPSICOLÓXICA E PSICOMOTRIZ

Non resulta infrecuente entre as rapazas e rapaces que son atendidos no Centro de Día, a presenza de alteracións neuropsicolóxicas e algunhas dificultades psicomotrices, que moitas veces aparecen ocultas o baixo unha imaxe un tanto simplista de problemas comportamentais e de fracaso escolar (nalgúns casos son rapaces

que levan tempo consumindo drogas e noutros casos teñen unha historia de déficits nos cuidados parentais recibidos, que tamén influíron no seu desenvolvemento cerebral). Neste senso e desde este marco de referencia, convén ter unha visión global das súas necesidades e ser sensible a outros factores que poden estar influíndo nas dificultades que presentan e lles impiden acadar un rendemento óptimo nas tarefas e nas responsabilidades tanto académicas, coma persoais e relacionais. O programa divídese en dúas liñas complementarias pero diferenciadas: a estimulación neuropsicolóxica e a estimulación psicomotriz. Ambas pretenden complementar o tratamento psicolóxico, modificalo e adaptalo se é preciso, as capacidades cognitivas dos nenos e nenas, nos que é evidente ou padece evidenciarse a presenza dun déficit neuropsicolóxico e as veces tamén algunha alteración psicomotriz, que pode afectar ao éxito dos programas de tratamento (Tirapu 2010), ou polo menos xerarlle suficientes dificultades que interfiran no seu proceso normalizado de aprendizaxe. Para elo é conveniente facer unha avaliación previa, non só por medio de probas específicas, senón tamén por medio da observación e da información aportada por terceiros (pais, educadores etc). O programa tamén se pode empregar naqueles casos nos que resulta inviable ou pouco factible un enfoque psicoterapéutico tradicional dada a escasa conciencia dos déficits que soen presentar ou porque poden estar enmascarados baixo outras manifestacións condutuais que tentan compensalos.

**Destinatarios:** Especialmente dirixido a aqueles ou aquelas rapaces que presenten ou poidan presentar posibles alteracións

neuropsicolóxicas e psicomotrices leves e que poidan beneficiarse dun pulo nestas áreas cun plantexamento fundamentalmente participativo e experiencial.

**Metodoloxía:** Pódese traballar tanto en sesións individuais coma en pequeno grupo. Esta será de tipo activo e participativa.

**Responsable:** O psicólogo do Centro, Manuel Muíños Collazo

**Soporte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

#### **PROGRAMA DE AUTOCONTROL EMOCIONAL**

Actualmente a violencia e as condutas agresivas están demasiado presentes nas nosas vidas. Moitos dos/as adolescentes que asisten ao Centro de Día carecen da capacidade de dominar os seus enfados, reprimir os seus impulsos, escoitar aos demais, poñerse no lugar do outro, sentirse responsables do que fan, etc; levándoos a manifestar condutas agresivas tales como: pegar, insultar, ameazar, humillar, etc. Estes comportamentos son aprendidos polo que observan nos pais/nais, compañeiros/as, a tele, videoxogos e a propia sociedade que lles rodea; en ocasións son comportamentos reforzados e eloxiados polo grupo de iguais ou polo propio poder en si mesmo. Por todo isto dende a familia e as distintas institucións temos a responsabilidade de ensinar habilidades básicas

como o autocontrol. En base a estas definición's o que plantexamos é o adestramento en autocontrol ao igual que noutro tipo de intervención's que levamos a cabo. O obxectivo do programa de autocontrol non é a eliminación do problema puntual, se non que **o adolescente interiorice unhas técnicas e unha metodoloxía de manexo de situación's que lle permita a abordaxe de outros aspectos problemáticos**. Somentes cando o/a mozo/a utilice a técnicas aprendidas por si mesmo poderemos falar de autocontrol.

**Destinatarios:** Todos os menores que o seu PEI reflexe algún obxectivo a alcanzar nesta liña. Para todos os/as adolescentes asistentes e sobre todo os que manifesten condutas antisociais e violentas con carencia de estratexias axeitadas de autocontrol emocional e de resolución de conflitos.

**Metodoloxía:** A Metodoloxía está inspirada na Profesionalización propia do Recurso e na Programación Educativa que de maneira individual, grupal e familiar levamos a cabo. Para o seu desenvolvemento baseámonos nunha serie de **principios** que pretenden reflexar a filosofía do noso traballo: Multidisciplinaridade e Transdisciplinaridade, Individualización, Flexibilidade, Discernir - Valorar: Problemática vs. Normalización.

**Responsables:** O psicólogo, Manuel Muíños Collazo, e o educador Antonio García Ceriz.

**Soporte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas

cada unha das sesión's que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

## PROGRAMA DE RELAXACIÓN

Hoxe en día sabemos que a relaxación contribúe a desenvolver capacidades como a atención, a observación, a imaxinación, a percepción, a memoria e a concentración e que ademais facilita a prevención do estrés, da ansiedade e da tensión emocional entre outras.

Resaltar que os/as rapaces/as que ingresan no Centro de Día, practicamente todos/as, carecen da estimulación apropiada nas capacidades mencionadas, de tal maneira que este programa o consideramos necesario para o seu desenvolvemento persoal, tendo como resultado en moitos deles a redución de situación's conflictivas ou sensación's desagradables que van acompañadas de sentimentos e pensamentos negativos sobre un mesmo e unha certa impresión de falta de control.

**Destinatarios:** Todos os menores que no seu PEI (Proxecto Educativo Individual) apareza reflexado algún obxectivo a alcanzar nesta liña.

**Metodoloxía:** A Metodoloxía está inspirada na Profesionalización propia do Recurso e na Programación Educativa que de maneira individual, grupal e familiar levamos a cabo. Para o seu desenvolvemento baseámonos nunha serie de **principios** que pretenden reflexar a filosofía do noso traballo: Multidisciplinaridade e Transdisciplinaridade, Individualización, Flexibilidade, Discernir - Valorar: Problemática vs. Normalización

**Responsable:** O educador Antonio García Ceriz.

**Soporte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

#### **PROGRAMA DE ORIENTACIÓN ESCOLAR**

O “Centro de Día de Atención ao menor Alborada” constitúese como un Centro de Día para menores, de carácter interdisciplinar, que traballa a **educación integral** dos mesmos dende diferentes enfoques. Un destes enfoques sería o enfoque educativo, onde téntase que os menores continúen o proceso escolar e académico interrompido ou non, coa pretensión de integrar ao menor, en canto sexa posible, no seu grupo normalizado de referencia ou diminuír, de ser o caso, as condutas disruptivas no centro escolar.

Entendemos que para a integración social dos menores é necesario potenciar o éxito escolar, facilitando, dende unha perspectiva inclusiva, unhas condicións máis favorables de acceso e desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe aos menores mediante unha serie de programas específicos destinados a incrementar o número de usuarios que progresan adecuadamente ao longo da súa vida escolar ou garantindo a maior adquisición posible das Competencias Educativas Básicas.

O **Programa de Apoio, Reforzo e Orientación Escolar** traballa principalmente a área de desenvolvemento persoal (intelectual/cognitivo, afectivo/emocional e personalidade e actitudes), ademais de fomentar a integración social especialmente no contexto escolar/formativo.

O programa conta cos diferentes Programas Específicos:

- **Programa Específico de Apoio e Reforzo Escolar.**
- **Programa Específico de Educación Compensatoria.**
- **Programa Específico de preparación de Probas por libre e/ou EPA.**
- **Programa Específico de Prevención do Absentismo.**
- **Programa Específico de Fomento da Lectura.**

**Destinatarios:** A priori todos os menores asistentes ao centro de Día son destinatarios do programa de orientación escolar. Ben porque están en idade de escolarización obrigatoria ou seguen a cursar estudos sendo maiores de dezaseis anos, ou ben porque, tendo as ensinanzas mínimas inconclusas ou non, hai unha demanda por parte do adolescente de retomar os seus estudos. Todos os menores que no seu PEI apareza reflexado algún obxectivo a alcanzar nesta liña.

**Metodoloxía:** A metodoloxía a empregar no Programa de Orientación Escolar desenvolvido dende o “Centro de Día de Atención ao menor”, partindo do **principio de inividualización**, favorecerá un desenvolvemento equilibrado do individuo, impulsará a **autoconfianza e a autoestima**, desterrando da aula calquera tipo de prácticas autoritarias ou descalificadoras, e estimulará a **resolución dos conflitos** por medio

do debate e o consenso; proporcionará as condicións para que os menores adquiren as aprendizaxes básicas que lles permitan interpretar as linguaxes fundamentais e desenvolver os recursos expresivos co obxecto de mellorar a súa capacidade comunicativa; desenvolverá os conceptos, procedementos e actitudes cos que comprender o espazo físico, biolóxico, xeográfico e ecolóxico, de maneira que poidan intervir criticamente nel; desenvolver experiencias afectivas, sociais e cognitivas que capaciten aos destinatarios para coñecer criticamente a riqueza cultural e histórica legada tanto pola tradición do ámbito cultural galego como polas grandes liñas de tradición cultural universal; e desenvolver experiencias que posibiliten o acceso, manipulación e utilización crítica das fontes de información características da sociedade contemporánea; tamén promoverá nos individuos experiencias, situacións e actividades específicas que favorezan o desenvolvemento de relacións, non só co grupo de iguais, senón tamén coa comunidade adulta, baseadas nos principios de cooperación, diálogo e tolerancia propios da convivencia democrática tentando así evitar actitudes disruptivas; finalmente, deberá abrirse á súa realidade máis próxima e, a partir desa apertura, á realidade social en xeral.

O enfoque do traballo escolar dende o Centro de Día ten que ser primordialmente globalizador ou integrado, é dicir, debe partir de realidades significativas para as alumnas e os alumnos. A perspectiva globalizadora con que han de estruturarse os contidos non debe prescribir métodos concretos, senón dar pautas para organizar e articular os contidos en secuencias de aprendizaxe, orientadas a un fin concreto con sentido e intencionalidade, e

situadas en contextos que favorezan a súa funcionalidade. A aprendizaxe escolar debe ser significativa, en oposición a repetitiva e mecánica, establecendo relacións entre os coñecementos previos do alumnado e a nova información.

Tendo en conta as características dos menores, é necesario romper a aparente oposición entre xogo e traballo que considera este último asociado ó esforzo para aprender, e ó xogo como divertimento e vagar; será doado motivalos a través de actividades presentadas nun contexto lúdico. Igualmente entendemos que a utilización das NNTT é un elemento tremendamente motivador co que presentar as diferentes actividades dentro dun contexto lúdico.

Dende o Centro de Día entendemos como un elemento esencial da nosa metodoloxía a coordinación e o traballo en rede co centro escolar dos diferentes menores, empregando metodoloxías semellantes e buscando a coherencia entre todos os instrumentos metodolóxicos a emprega e, polo tanto, da súa posta en práctica.

**Responsable:** O profesores de apoio Alfonso L. López Otero

**Soporte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

## PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL

Nun contexto restritivo, no que a actual situación do mercado laboral é complexa, os/as adolescentes atópanse con innumerables obstáculos para a construción das súas traxectorias vitais. A poboación xuvenil vese afectada pola **precarización do emprego e o desemprego estrutural**, nun intre no que as súas vidas están a atravesar pola propia crise vital da adolescencia.

Ademais da desocupación estrutural mencionada, os/as mozos/as contan cunha **escasa experiencia e competencias** que dificulta máis, se é posible, as posibilidades de inserción laboral. Por outra banda, os que acadan inserirse ocupacionalmente fano en moitas ocasións en condicións de precariedade. Desta forma atopámonos cunha poboación altamente vulnerable, con escasas posibilidades de construír un proxecto para a súa vida.

**Destinatarios:** Todos os mozos e mozas asistentes ao Centro de Día que o precisen.

**Metodoloxía:** A metodoloxía a utilizar neste proxecto defínese como participativa, colaborativa, activa, didáctica, flexible e orientada aos adolescentes, aos seus intereses e á mellora da súa realidade, combinando o carácter grupal e individual.

A metodoloxía grupal ofrece condicións favorables para a reflexión, o intercambio co grupo de iguais e a modificación de crenzas e actitudes erróneas tanto a nivel grupal como individual. Mediante a metodoloxía individual acompaña, informa e asesórase ao menor durante todo o proceso, mantendo contactos periódicos co educador de referencia a través de titorías presenciais coa frecuencia que o profesional estime oportunas. Os mozos serán protagonistas activos da súa propia

aprendizaxe.

O apoio de material audiovisual para gravación e visualización das diferentes entrevistas e situacións realizadas polos propios participantes e os vídeos sobre procesos de selección formarán parte tamén da metodoloxía empregada para facer máis dinámicas as actividades.

Ceñíndonos á realidade social actual tamén incluiremos a opción de reconducir académicamente aos mozos e mozas que o vexan factible para así mellorar as posibilidades de inserción laboral nun futuro.

**Responsable:** A educadora Ana Lucía Rial Tato.

**Soporte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión. Cada usuario/a contará coa súa carpeta en formato dixital coa información persoal relativa a dito programa.

## PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

O adestramento en Habilidades Sociais atópase entre as técnicas máis potentes e máis frecuentemente utilizadas para o tratamento dos problemas psicolóxicos para a mellora da efectividade interpersonal e para a mellora xeral da calidade de vida. As relacións sociais apréndense mediante as interaccións cos demais;



cos demais; os contextos sociais actuais non favorecen os espazos nin tempos para isto e moitos dos problemas de convivencia teñen a súa orixe na falta de habilidades sociais. Para adquirir estas habilidades temos que coñecer primeiro as técnicas básicas da comunicación eficaz e logo incorporar esas condutas socialmente desexables na nosa vida cotiá. Hai quen as coñece, pero non fai bo uso delas e hai quen non as coñece e por tanto non se beneficia delas nas relacións interpersonais.

Este será o noso reto, facer que uns saiban utilizalas correctamente e que outros as incorporen no seu repertorio de estratexias para comunicarse e afrontar as distintas situacións que se lle presenten.

Polo tanto é importante destacar que as habilidades sociais:

- Son condutas, isto quere dicir que son aspectos observables, medibles e modificables; non é un trazo innato dun suxeito, determinado polo seu código xenético
- Esta relación co outro é efectiva e mutuamente satisfactoria. A persoa con habilidades sociais defende o que quere e expresa o seu acordo ou desacordo sen xerar malestar na outra persoa.

**Destinatarios:** Todos os mozos e mozas asistentes ao Centro de Día son destinatarios do Programa de Habilidades Sociais; tanto aqueles que manifesten condutas problemáticas (comportamentos excesivos e comportamentos inhibidos) como aqueles que, non presentando ningún problema condutual, poidan beneficiarse dun enfoque preventivo de mellora da convivencia social.

**Metodoloxía:** A Metodoloxía está inspirada na Profesionalización propia do Recurso e na Programación Educativa que de maneira

individual, grupal e familiar levamos a cabo. Para o seu desenvolvemento baseámonos nunha serie de **principios** que pretenden reflexar a filosofía do noso traballo: Multidisciplinaridade e Transdisciplinaridade, Individualización, Flexibilidade, Discernir - Valorar: Problemática vs. Normalización.

**Responsable:** O educador Antonio García Ceriz.

**Soporte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

## **PROGRAMA DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN NO CONSUMO DE DROGAS**

Pódese dividir en tres programas específicos:

- **Programa de mantemento da abstinencia,** o/a adolescente que non consume ningunha droga ou ben, tivo algún consumo puntual de tipo experimental.

- **Programa de redución do consumo:**

O/a adolescente que é consumidor habitual de drogas, sexa pola semana ou ben os fins de semana, e adquire un compromiso en canto á abstinencia, ben sexa reducir o consumo ou deixar de consumir.

▪ **Programa de redución de riscos:**

Todos/as os/as adolescentes asistentes ao Centro de Día, que son consumidores habituais de drogas, sexa pola semana ou ben os fins de semana, e non queren reducir o consumo, é dicir, non teñen ningún obxectivo en canto a abstinencia.

**Destinatarios:** O/a adolescente que é consumidor habitual de drogas, sexa pola semana ou ben os fins de semana, e non quere reducir o consumo, é dicir, sen ningún obxectivo en canto a abstinencia. Todos/as os/as adolescentes asistentes ao Centro de Día e que non consumen ningunha droga ou ben, tiveron algún consumo puntual de tipo experimental e por último todos/as os/as adolescentes asistentes ao Centro de Día que son consumidores habituais de drogas, sexa pola semana ou ben os fins de semana, e adquiren un compromiso en canto á abstinencia, ben sexa reducir o consumo ou deixar de consumir.

**Metodoloxía:** Para que a intervención sexa eficaz, é necesaria unha previa valoración do grao de motivación e conciencia do problema que presenta o suxeito. En moitas ocasións, o/a adolescente comenta que é consumidor de drogas, pero non cre que teña ningún problema e non pensa deixar de consumilas, ou como moito que o seu obxectivo é reducir “algo” o consumo. Ao intervir con adolescentes é prioritario que sintan que poden falar libremente do que están facendo, o cal facilitaranos saber as situacións de risco nas que se atopa. Coñecen, porque se lles foi transmitindo dende pequenos a través da familia, escola, medios de comunicación,.... que o consumo de drogas é perigoso e que pode traerlle consecuencias moi negativas;

saben que están facendo algo “non permitido, ilegal, que pode danar a súa saúde,...” que lles custa recoñecer e falar diso, é parte da súa intimidade que deixará de selo, os seus pais coñecerán que fan e sentiranse observados ou interrogados polos mesmos.

*Non podemos centrar a nosa intervención no/a adolescente consumidor/a de drogas, senón no/a adolescente en si. Coñecelo paulatinamente nas distintas áreas da súa vida, permitirá que, en ocasións, modificando algunha delas facilitará a motivación para a abstinencia ou a concienciación do abuso de drogas.*

Posteriormente concretarase de forma consensuada en que obxectivos intervir; pero, tendo en conta as características evolutivas desta etapa, en ocasións é un camiño de continuos avances e retrocesos xa que decisións tomadas nun momento determinado, cambian radicalmente tras un enfrontamento cos pais, amigos, parella,... de ter ganas e ilusión pasan á apatía e o desinterese, de querer coñecerse e descubrirse a si mesmos a non querer falar nin “que se lles ralle”.

**Responsables:** O psicólogo Manuel Muíños Collazo e o educador Nicolás Domínguez

**Soporte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

## PROGRAMA DE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

A promoción da saúde comeza coas persoas que estean basicamente saudables, axudándolles a adoptar estilos de vida que lles permitan manter e realizar o estado de benestar (Green y Simons, 1988). O primeiro nivel de intervención en saúde é a prevención. Nesta inclúense as actividades que diminúen o risco de aparición de enfermidades, que permiten desenvolver factores de protección nos grupos de maior vulnerabilidade.

A Educación para a Saúde é imprescindible para o bo desenvolvemento de todas as capacidades humanas e ten como obxectivo a adquisición de coñecementos e o desenvolvemento de hábitos que fomenten estilos de vida saudables que favorezan o benestar e o crecemento persoal, familiar e da comunidade. Dentro do noso concepto de Educación para a Saúde englobamos os seguintes apartados, como programas específicos, que dunha maneira máis ou menos extensa, dependendo da situación persoal do/a menor, iremos desenvolvendo: **Programa Específico de Hábitos de Hixiene, Programa Específico de Hábitos Alimenticios Saudables, Programa Específico de Prevención de Drogas, Programa Específico de Afectividade e Sexualidade**

**Destinatarios:** Adolescentes que manifesten condutas problemáticas (inicio de consumo de drogas, carencia de hábitos de hixiene, inicio de trastornos alimenticios, cambios físicos asociados á sexualidade) ou que, non presentando ningunha problemática desta índole, poidan beneficiarse enfoque preventivo que intente mellorar a saúde física e mental.

**Metodoloxía:** A metodoloxía queremos que sexa activa e participativa; procuraremos iniciar dende os coñecementos previos das/dos

mozas/os involucrándoos no diálogo intentando o análise crítico e a reflexión individual e grupal. As sesións serán grupais ou individuais (en función das necesidades reflexadas). A pretensión é sensibilizar e interiorizar nas/os mozas/os os riscos de saúde que poden atopar na súa actividade cotiá. As drogas e o sexo son temáticas de fácil recorrencia na rúa, utilizando en numerosas ocasións expresións estereotipadas e vulgares polo que traballaremos por mor dunha linguaxe axeitada.

**Responsable:** A educadora Ana Lucía Rial Tato.

**Soporte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

## PROGRAMA AFECTIVO SEXUAL

Os programas de educación afectivo-sexual xorden e toman auge a partir dos conceptos de saúde e sexualidade establecidos pola "O.M.S" aportando unha perspectiva integral para o seu tratamento; esta define a saúde sexual como a *"aptitude para gozar da actividade sexual e reprodutiva, así como a ausencia de temores, sentimentos de vergoña, culpabilidade, crenzas infundadas e outros factores tanto psicolóxicos como físicos que inhiban a reactividade sexual ou perturben as relacións sexuais"*.

A función psicolóxica básica dos vínculos afectivo-sexuais é a de dar resposta ás necesidades de afiliación, de compañía, comunicación, coidado, protección, así coma de apoio emocional. As relacións de parella tamén proporcionan tranquilidade ante medos sociais coma a soidade, reduce o aburrimiento e outros temores. Todo isto fai que as relacións repercutan nun maior grado de satisfacción xeral da vida, maior felicidade e aumento da saúde. Polo tanto, case tódalas persoas temos un certo grado de interdependencia fisiolóxica.

Se todo isto o vemos dende a **perspectiva da adolescencia** debemos resaltar que esta é unha etapa de cambios fisiolóxicos, de descubrimento de novos desexos e prácticas sexuais,... De aí que sexa una fase impregnada de inseguridades e interrogantes; por todo isto faise imprescindible un traballo educativo sobre a sexualidade, as relacións de parella, a afectividade e a igualdade de xénero.

Gustaríanos resaltar que a presión, a chantaxe, a violencia física se detecta cada vez máis entre a poboación adolescente coa que traballamos. Unha gran porcentaxe das mozas manteñen relacións sentimentais con parellas moito maiores e están inmersas en relacións daniñas, de maltrato e desigualdade das que non son capaces de saír, ben porque non son conscientes ou ben porque non son quen de rachar con elas. Atopámonos tamén cunha poboación que debido ao seu perfil momentáneo non perciben os riscos, sendo vulnerables neste campo aos contaxios das distintas enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados e relacións, en ocasións, forzadas pola presión grupal. Para poder abordar con éxito un programa destas características e que de resposta a toda a

problemática presente é imprescindible partir dos coñecementos previos do adolescente, para o que será necesario pasar cuestionarios e facer entrevistas que nos orienten sobre o nivel de coñecementos sobre a temática a traballar (anatomía, métodos anticonceptivos, crenzas,...). Tamén consideramos fundamental a posta en coñecemento ou o acompañamento á rede de centros de asesoramento afectivo-sexual, tanto si son específicos para a mocidade como se non.

Consideramos conveniente que a intervención, tanto si é grupal como individual, evite os discursos e as explicacións nas que o adolescente é un axente pasivo. Estamos a procura de que sexan eles os que analicen, reflexionen, critiquen e pregunten.

**Destinatarios:** Todos os mozos e mozas asistentes ao Centro de Día nos que se detecte algunha problemática de tipo afectivo-sexual ou que sen ser detectada, se vexa a necesidade de intervir sobre esta cuestión.

**Metodoloxía:** A metodoloxía queremos que sexa activa e participativa; procuraremos iniciar dende os coñecementos previos das/dos mozas/os involucrándoos no diálogo intentando o análise crítico e a reflexión individual e grupal. As sesións serán grupais ou individuais (en función das necesidades reflexadas). Esta é unha temática de fácil recorrencia na rúa, utilizando en numerosas ocasións expresións estereotipadas e vulgares polo que traballaremos por mor dunha linguaxe axeitada.

**Responsables:** O psicólogo Manuel Muíños Collazo e educadora Ana Lucía Rial Tato.

**Soporte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado

tamén no GECM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

### **PROGRAMA DE EDUCACIÓN VIARIA**

Un número elevado dos mozos e das mozas que asisten ao Centro de Día utilizan a bicicleta, o ciclomotor, o monopatín e no seu día a día usan o servizo público de transporte, veñen andando ou os traen os familiares en coche. O programa de Educación Viaría está orientado a que coñezan os factores persoais do risco e as súas consecuencias na vía pública, que perciban o perigo que conleva e queiran evitalo. Preténdese tamén ampliar os coñecementos, fundamentalmente prácticos, no mundo do tráfico, facéndolles partícipes da importancia e da necesidade dun bo comportamento na vía pública, tanto no aspecto do/a peón como do/a ciclista, motorista ou usuario dun transporte.

Unha das necesidades indiscutibles é a eliminación dos riscos que supón o consumo de Drogas e Alcol e a Condución, por estar directamente relacionado coa etapa da adolescencia; *segundo a Dirección Xeral de Tráfico, os accidentes de tráfico supoñen a primeira causa de mortandade entre os novos/as de 18 a 24 anos e o 57.6% dos/as mozos/as consumen alcol durante as fines de semana.*

Por todo o anteriormente descrito consideramos que a permanencia no Centro de Día é un bo momento para que os/as xóvenes reciban unha información clara sobre a Educación Viaría, o consumo de alcol e drogas e a súa relación cos accidentes de tráfico.

O programa levarase a cabo en sesións de forma grupal e individual dependendo das necesidades dos menores e contaremos coa axuda da Policía local e da asociación de dano cerebral "Alento".

**Destinatarios:** Todos os mozos e mozas asistentes ao Centro de Día, especialmente aqueles que usen de forma habitual un ciclomotor, monopatín ou bicicleta e que se vexa a necesidade de intervir sobre esta cuestión

**Metodoloxía:** A Metodoloxía está inspirada na Profesionalización propia do Recurso e na Programación Educativa que de maneira individual, grupal e familiar levamos a cabo. Para o seu desenvolvemento baseámonos nunha serie de **principios** que pretenden reflexar a filosofía do noso traballo: Multidisciplinaridade e Transdisciplinaridade, Individualización, Flexibilidade, Discernir - Valorar: Problemática vs. Normalización.

**Responsable:** O educador Nicolás Domínguez

**Soporte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

## PROGRAMA DE OCIO E TEMPO DE LECER

Dende o “Centro de Día de Atención ao Menor Alborada” entendemos que un dos aspectos fundamentais para acadar a inserción total e efectiva dos menores e/ou mozos e mozas

asistentes ao centro é a adecuada utilización e xestión do seu tempo de lecer e do ocio. En xeral son adolescentes que pasan moito tempo na rúa e con bastante tempo libre, xa que a maioría non acoden á escola ou instituto e tampouco teñen un emprego. Moitos/as emprégano en actividades pouco saudábeis e xeitos de diversión pouco beneficiosos para eles: consumo de drogas, amizades e ambientes non apropiados, etc.

Este programa pretende ofertar recursos de ocio e tempo de lecer que fomenten a participación dos/as menores en actividades gratificantes e pracenteiras, e que leven a realizar un uso proveitoso do mesmo, acudindo aos recursos da comunidade e participando en actividades que satisfagan as súas necesidades persoais dunha forma saudábel.

Trátase de conciencialos de que hai opcións para divertirse moito máis sans e beneficiosas, alternativas a comportamentos delitivos.

**Destinatarios:** A priori todos os mozos e mozas asistentes ao Centro de Día son destinatarios do Programa de Ocio e Tempo de Lecer. Agora ben, dependendo do seu horario, situación persoal, afeccións, gustos,... varía o modelo de intervención nesta área.

**Metodoloxía:** A Metodoloxía está inspirada na Profesionalización propia do Recurso e na Programación Educativa que de maneira individual, grupal e familiar levamos a cabo. Para o desenvolvemento baseámonos nunha serie de **principios** que pretenden reflexar a

filosofía do noso traballo: Multidisciplinaridade e Transdisciplinaridade, Individualización, Flexibilidade, Discernir - Valorar: Problemática vs. Normalización.

**Responsables:** Os educadores Ana Lucía Rial Tato e Alfonso López Otero

**Soporte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

## PROGRAMA DE ACTIVIDADES PLÁSTICAS E CREATIVIDADE

Nestes obradoiros o que se pretende é que cada un dos/as menores desenvolva as súas propias potencialidades. Así toda idea ou suxestión que eles acheguen debe ser considerada coma moi importante para o manexo da súa autonomía. Igualmente o programa ten que ser o suficientemente flexible para acoller cambios baseados na creatividade dos menores e estimular o intercambio de ideas entre eles, enriquecendo así a cada un de forma individual e ao grupo como colectividade.

Trátase entón de que a través das “actividades plásticas” cada menor desenvolva de xeito óptimo todo o seu potencial creativo, á vez que sexa un contexto adecuado e socializador no que ademais da súa especial incidencia no creativo, teña un efecto significativo e rehabilitador en todas as áreas nas que presente necesidades

(habilidades cognitivas, currículo escolar, relacionais, de lecer, etc). Outro aspecto relevante ten que ver co enfoque activo e a aprendizaxe significativa, o menor non é un mero suxeito pasivo, receptor de coñecemento, senón que ten un papel primordial no que ten que ver co deseño do seu propio programa de recuperación. Xa que logo non buscamos con iso formar artistas que realicen magníficas exposicións, a finalidade é que se amplíe o seu mundo sensitivo, que adquiran habilidades manuais, gusto artístico pero sobre todo que descubran como son capaces de crear.

**Destinatarios:** A priori todos os mozos e mozas asistentes ao Centro de Día son destinatarios do Programa de Actividades Plásticas e Creatividade. Agora ben, dependendo do seu horario, situación persoal, afeccións, gustos,... varía o modelo de intervención nesta área.

**Metodoloxía:** A Metodoloxía está inspirada na Profesionalización propia do Recurso e na Programación Educativa que de maneira individual, grupal e familiar levamos a cabo. Para o seu desenvolvemento baseámonos nunha serie de **principios** que pretenden reflexar a filosofía do noso traballo: Multidisciplinaridade e Transdisciplinaridade, Individualización, Flexibilidade, Discernir - Valorar: Problemática vs. Normalización.

**Responsable:** A monitora de manualidades, María Rego Broseta.

**Soposte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores),

e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

## PROGRAMA DE DIAS ESPECIAIS

Hai problemáticas do noso entorno e dos nosos modelos de desenvolvemento que poñen de manifesto a falta de actitude crítica e conciencia de cambio da sociedade, estas situacións poden vulnerar os nosos dereitos ou poden poñer en perigo a nosa saúde: violación dos dereitos humanos, deterioro ecolóxico, discriminación, violencia, subdesenvolvemento, etc.

Por todo isto consideramos moi importante comezar a acercarlles aos adolescentes a diversos acontecementos a través dalgunhas datas de interese ao longo do ano que axudarán a crear unha mentalidade máis crítica, dinámica, aberta e tolerante que facilite a incorporación de determinadas condutas e ideoloxías ás súas accións na vida cotiá.

O obradoiro consistirá na ambientación de determinados espazos dentro do centro a través de decoración adaptada á ocasión, murais, trípticos, fotos, música, disfraces, etc. Todo isto estará reforzado coas visitas a distintos puntos de interese relacionados coa temática a resaltar. O calendario de posibles datas a celebrar estará condicionado polo grupo e o momento, xa que hai ocasións nas que hai temáticas para as cales non están preparados.

**Destinatarios:** Todos os asistentes ao Centro

**Metodoloxía:** A Metodoloxía está inspirada na Profesionalización propia do Recurso e na Programación Educativa que de maneira

individual, grupal e familiar levamos a cabo. Para o seu desenvolvemento baseámonos nunha serie de **principios** que pretenden reflexar a filosofía do noso traballo: Multidisciplinaridade e Transdisciplinaridade, Individualización, Flexibilidade, Discernir - Valorar: Problemática vs. Normalización.

**Responsables:** O educador Nicolás Domínguez

**Soporte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

### **PROGRAMA DE OUTRAS CULTURAS E REALIDADES SOCIAIS**

A nova situación actual que vive o país, as dificultades sociais que se atopan os menores, a falta de oportunidades, a crise de valores, a diversidade cultural que cada día vai medrando fai necesaria una actuación cos menores intentando mostrarlles a realidade que se está vivindo. Teñen que ser conscientes do momento que lle toca vivir, coa situación que está atravesando seu grupo de poboación, coas súas dificultades e as oportunidades. Tamén é importante que coñezan a realidade que existe noutros países, sobre todo a realidade que vive a mocidade. Para dar a coñecer o que está ocorrendo en diferentes partes do planeta, consideramos que é fundamental achegarlles aos menores unha nova realidade

social, mediante vídeos, fotos, música, testimonios, etc. Intentamos con este programa que logren adquirir uns coñecementos xerais de diferentes culturas do mundo e da realidade que se vive en diversas zonas do planeta.

**Destinatarios:** Todos os asistentes ao Centro de Día.

**Metodoloxía:** A Metodoloxía está inspirada na Profesionalización propia do Recurso e na Programación Educativa que de maneira individual, grupal e familiar levamos a cabo. Para o seu desenvolvemento baseámonos nunha serie de **principios** que pretenden reflexar a filosofía do noso traballo: Multidisciplinaridade e Transdisciplinaridade, Individualización, Flexibilidade, Discernir - Valorar: Problemática vs. Normalización.

**Responsable:** O educador Nicolás Domínguez

**Soporte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

### **PROGRAMA DE INTERVENCIÓN GRUPAL CON FAMILIAS**

A adolescencia é a etapa de transición á vida adulta, de rápido crecemento, de desenvolvemento sexual, de configuración da identidade psicosocial, de desenvolvemento e maduración da conciencia moral, de



conceptualización de si mesmo, de emancipación da familia e desenvolvemento das relacións de amizade e de namoro, etc. É o momento en que a persoa consolida os seus valores, as súas competencias específicas e a súa competencia ou capacidade fronte ao mundo. A familia é un dos principais axentes de socialización xunto coa escola, os grupos de iguais, os medios de comunicación, etc.

A nosa sociedade ao mesmo tempo que reclama da adolescente responsabilidade, autonomía e independencia, censurando os seus comportamentos infantís, pon bastantes trabas ao desenvolvemento das súas capacidades, impoñéndolle determinadas condicións e pautas que en definitiva supoñen dependencia. As actuais condicións sociais (paro, falta de independencia económica, dificultades para formar unha relación propia fose da casa, etc.) dificultan moito aos e as adolescentes de hoxe alcanzar algunhas das súas metas.

Considéranse claves na educación os estilos educativos axeitados. Tratarase de que os pais e as nais sexan congruentes, acepten aos seus fillos e fillas como son, sexan asertivos, exerzan unha autoridade orientada ao crecemento, e potencien o desenvolvemento da súa autoestima, da súa autonomía e dos seus valores e habilidades persoais e sociais, actualizando ao máximo o seu propio potencial persoal e social. Incidirase na práctica dalgunhas habilidades fundamentais: a comprensión empática, escóita e a comunicación como elementos de interrelación e a negociación para afrontar os conflitos.

**Destinatarios:** As familias dos menores que no seu PEI aparecera reflexado algún obxectivo a alcanzar nesta liña.

**Metodoloxía:** Está inspirada na programación educativa que de maneira individual, grupal e familiar levamos a cabo. Para o seu desenvolvemento baseámonos nos **principios** do modelo educativo.

**Responsables:** O psicólogo, Manuel Muños Collazo, e o educador Antonio García Ceriz.

**Soporte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

## **PROGRAMA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL**

Hoxe en día, a sostenibilidade do planeta sigue enfrontándose a conflitos que minan a súa saúde, tales como o despilfarro de recursos enerxéticos e materiais, a perda de biodiversidade, a problemática da xestión dos recursos naturais ou a realidade do cambio climático, entre outros. Para respostar a esta situación é importante recuperar a capacidade da cidadanía para facerse cargo deste serio problema e xestionar dun xeito máis directo e comprometido os procesos de solución a esta situación de crise socioambiental.

A educación ambiental desempeña unha función determinante formando aos adolescentes asistentes ao Centro de Día para que actúen de forma proactiva e tomen as decisións adecuadas para contribuír á conservación do noso entorno.

Unha acción que non só nos beneficia agora, senón tamén ás xeracións futuras.

O Programa de Educación Ambiental, pretende cumprir un importante cometido, adaptándose ás novas perspectivas ambientais e educativas do século XXI. E consta de catro subprogramas diferenciados:

- *Coida a túa natureza.* Subprograma de Sensibilización Ambiental realizado nas instalacións do programa do mesmo nome que esta a desenvolver a ACLAD Alborada. Pretende achegar aos menores usuarios do Centro de Día ás actividades saudables realizadas ao aire libre e en contacto coa natureza, xa sexan a través de dinámicas de lecer e tempo libre, actividades de horticultura, de concienciación ecolóxica ou de educación ambiental.
- *Proxecto Vermes.* A través deste proxecto criaremos vermes de seda no propio centro. Os obxectivos pasan por coñecer os diferentes procesos da metamorfose dos vermes de seda e inculcar aos menores participantes o respecto pola natureza, a responsabilidade cara ela,...
- *A nosa horta.* Cultivo de pementos e tomates en macetas na cociña do centro.
- Por último e de xeito transversal traballaremos con especial fincapé a educación e sensibilización ambiental en todas as tarefas e actividades do centro.

**Destinatarios:** Todas as persoas menores asistentes ao Centro de Día.

**Metodoloxía:** Está inspirada na programación educativa que de maneira individual, grupal e familiar levamos a cabo. Para o seu desenvolvemento baseámonos nos **principios** do modelo educativo.

**Responsables:** O educador, Alfonso L. López Otero.

**Soporte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

#### **PROGRAMA DE DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN ASI (ABUSO SEXUAL INFANTIL)**

O maltrato infantil ten que ser tratado precozmente xa que ten numerosas implicacións na vida, presente e futura de quen o padece. Cómpre destacar a súa repercusión sobre a saúde mental infantil e adolescente, polos seus efectos negativos sobre o desenvolvemento da persoa menor, tanto a curto como a medio prazo, e pola súa influencia na xénese e evolución de diversos trastornos mentais.

Para a súa abordaxe integral é precisa a coordinación interinstitucional dos recursos sanitarios e non sanitarios.

Cando os casos son moi evidentes o traballo está orientado a axudar ao menor e ao seu entorno, para evitar na medida do posible, as consecuencias da agresión. Pero a realidade é que, na meirande parte das ocasións, as demandas nos se corresponden con casos evidentes, senón que se presentan en circunstancias complexas, por exemplo, nos casos de abuso sexual infantil.

Durante estes anos o Centro de Día de atención ao Menor Alborada interveu con multitude de adolescentes que teñen sufrido maltrato e/ou abuso sexual. En varios casos foi no transcurso da terapia, onde se detectou a situación vivida por estes mozos/as na súa infancia, iniciándose o proceso de intervención en relación a estas vivencias.

Ante esta realidade os profesionais do Centro de Menores Alborada nestes anos formáronse e especializáronse na prevención, detección e intervención no maltrato e abuso sexual infantil, xurdindo así este programa de intervención.

**Destinatarios:** Todas as persoas menores asistentes ao Centro de Día que sufriran abuso sexual ou susceptibles de habelo sufrido.

**Metodoloxía:** Está inspirada na programación educativa que, neste caso, de maneira individual e familiar levamos a cabo. Para o seu desenvolvemento baseámonos nos **principios** do modelo educativo.

**Responsables:** A educadora, Ana Rial Tato.

**Soposte documental e rexistro:** Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

### 3. PLANIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES

Para poder planificar as actividades e incidir nas áreas de intervención primeiro aclararemos o funcionamento do centro.

Durante o ano dividiremos o traballo en dúas épocas: a lectiva ou non lectiva, adaptandonos ao calendario escolar oficial emitido pola Xunta. O motivo será poder estruturar de forma efectiva as diversas actividades no día a día do CD para así adaptarnos a unha gran necesidade real nestas idades, como é a parte académica, que soe ser a porcentaxe maior dos menores no centro. Entendendo isto explicamos que o Centro estará organizado de forma semanal en dúas quendas de actividades: ou de mañán ou de tarde, dentro disto cada menor contará co seu horario individual adaptado ás súas circunstancias e necesidades. Nos períodos lectivos desenvolveremos diariamente os programas explicados anteriormente pero deixaremos unha programación especial e con maior contido lúdico para o período vacacional, permitíndolles aos menores aproximarse a unha rutina máis amena nos momentos de descanso académicos. Os menores que non asistan ao programa de Orientación Escolar, entenderase que será por estares participando no de BAE pero a pesares disto poderán ser incluídos nos programas dos períodos vacacionais no caso de ser considerado polo equipo educativo e non participar nalgún curso formativo ou desempeñando unha función laboral externa ao CD.

A continuación detallamos a **planificación das actividades**, para isto faremos unha división xa que entendemos que para traballar cos menores teremos que abordar dúas grandes áreas de intervención: o Desenvolvemento Persoal e a Integración Social. Enmarcaremos as distintas

áreas nas que traballamos, onde especificaremos de forma xeral os obxectivos xerais e os específicos que propoñemos dende o equipo educativo deste centro, incluiremos as actividades previstas e os indicadores de avaliación. De forma conxunta enmarcamos:

- Os **destinatarios** son todos os menores que sexan dados de alta no Centro de Día poden participar na totalidade dos programas que se levan a cabo, si se concreta na súa valoración inicial que quedará reflexada no PEI de cada menor/a en forma de obxectivo a alcanzar si é preciso; entendemos que hai programas moi específicos para algún tipo de problemática concreta.
- Os **responsables** da realización das actividades seremos total de profesionais do Centro de Día, entendendo que cada un desempeña a súa especialidade ou profesión.

*Psicólogo:* Programa de Intervención Psicolóxica, intervención no maltrato, autocontrol emocional, estimulación psicomotriz e afectivo sexual. Reunións de familiares.

*Educadores:* Programa de relaxación, de BAE, HHSS, Prevención consumo drogas, Educación para a Saúde, Afectivo Sexual, Educación Viaria, Ocio e Tempo Libre, Días Especiais, Reunións de familiares.

*Profesor de Apoio:* Programa de Orientación Escolar.

*Monitora:* Programa de Actividades Plásticas e Creatividade.

- A **localización** das actividades terá lugar, na maioría das ocasións, nas instalacións do Centro de Día; entendendo que os Programas de Ocio e de lecer e BAE

requiren ser desempeñados fora do centro acercándose a recursos relacionados cos programas.

- A **temporalización** das actividades virá marcada polas características xerais do grupo e polo criterio do profesional que o desempeñe. Entendemos que haberá que ter en conta os coñecementos previos individuais permitindo así a incorporación ou exclusión na participación do grupo. En todo momento teremos como meta a consecución dos obxectivos individuais marcados no PEI de cada un. A periodicidade das sesións dos programas serán marcadas con anterioridade optando a flexibilidade no caso de que fora necesario; maioritariamente serán sesións unha vez a semana de aproximadamente 60 minutos e enmarcadas nun conxunto de entre 4-8 sesións por programa.

## ÁREA DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL

**1. Desenvolvemento físico:** entendendo isto por saúde física e emocional, alimentación hixiene, sono, actividade física e protección contra riscos reais.

### Obxectivos xerais

- Entender o concepto de saúde para así alcanzar un aspecto saudable
- Promover o non consumo de substancias e unha conciencia social sobre os efectos nocivos das drogas e a identificación dos efectos que teñen no seu propio organismo.
- Promover a inquietude por querer participar nun entorno social de iguais san.

### Obxectivos específicos

- Fomentar a práctica do deporte e os seus beneficios.

- Concienciar da importancia dunha correcta hixiene persoal como signo de respecto a un mesmo e para os demais.
- Aprender a asegurarse unha alimentación equilibrada e suficiente para a idade e o tipo de actividade física que se realice.
- Entender os conceptos de tolerancia, dependencia, uso e abuso de substancias.
- Favorecer o pensamento crítico e a toma de decisións.
- Facilitar experiencias gratificantes de lecer alternativas ao consumo de drogas

#### **Actividades previstas**

- Programas de Educación para a Saúde, Prevención e intervención no consumo de drogas e Programa de Ocio e Tempo de Lecer.
- Tests iniciais para coñecer as necesidades, expectativas, intereses e gustos do/da adolescente.
- Acompañamentos potenciando o achegamento aos recursos normalizados a aqueles menores que non sexan quen de facelo pola súa conta, e favorecer así a súa posterior autonomía a través de modelaxe. (Planificación Familiar, Casa da Xuventude, Centro de saúde de referencia, etc.)
- Utilización de material audiovisual actual (curtametraxes, películas, vídeos musicais, etc.) sobre temáticas relacionadas coas súas problemáticas ou inquiredanzas, para despois traballar sobre unha unidade didáctica, novamente adaptada se é preciso.
- Uroanálises.

#### **Indicadores para a avaliación**

- Grao de cumprimento dos Programas e os seus obxectivos.
- Avaliación das intervencións e estratexias.
- Axilidade dos procedementos.
- Utilidade dos materiais empregados.
- Os abandonos, fracasos e/ou incumprimentos e os seus motivos, si os houbo.

#### **2. Desenvolvemento intelectual e cognitivo**

Estimulación, xogo, exploración física e social, comprensión da realidade física e social.

#### **Obxectivos xerais**

- Promover a atribución interna da responsabilidade.
- Fortalecer os factores de protección do/a menor
- A implicación e participación do menor no seu propio proxecto

#### **Obxectivos específicos**

- Facilitar a avaliar os seus déficits cognitivos, se existisen.
- Fomentar o establecemento dun vínculo relacional terapéutico.
- Aumentar a súa motivación cara ao ámbito educativo.
- Reforzar o pensamento moral e prosocial.
- Facilitarlle estratexias de resolución de conflitos.
- Reforzar as súas funcións executivas e a súa capacidade de razoamento.

### Actividades previstas

- **Orientación e asistencia psicolóxica individual, grupal e sociofamiliar.**

Realizarase un seguimento durante o tempo que o/a menor estea de alta no Centro mediante entrevistas periódicas con aquelas partes máis directamente implicadas e co/a propio/a menor. En ocasións, poden programarse as reunións nos domicilios destes, cando resulten moi difícil ou pouco recomendable realizalas no Centro.

- **Recollida de demandas:** Periodicamente recolleranse todas as demandas establecidas polos/as menores e os sistemas que con eles se relacionan, coa finalidade de posibilitar unha negociación de obxectivos aceptables para as partes.

- Elaboración de **estratexias** dirixidas a conter e previr situacións de difícil resolución (estoupidos de violencia, medidas disciplinarias, etc).

- **Proposta de Intervención Psicopedagóxica (P.I.P),** mediante a realización de avaliacións psicométricas, cuxa finalidade principal será detectar dificultades escolares e da aprendizaxe e posibilitar a realización de programas dirixidos a súa recuperación escolar e socio-afectiva e facilitando así, orientacións de utilidade para o traballo dos seus educadores. Moitas veces este tipo de problemáticas, as dificultades escolares, aparecen interrelacionadas con outras de carácter máis adaptativo e continuamente solápanse dificultando a adaptabilidade do menor

- Colaboracións con outras institucións e profesionais vinculados ao traballo con

menores. Pretenderase retomar e amplificar actividades de colaboración con outros profesionais relacionados interesados polo traballo con menores.

- Programa de Relaxación

### Indicadores para a avaliación

- Seguimento da atención aos menores e familias

- Probas psicométricas (de intelixencia verbal, numérica, razoamento, fluidez verbal, orientación escolar e/ou profesional...)

- Recollida de demandas específicas dos/as educadores/as, menores, familiares e profesores/as.

- Avaliación dos obxectivos marcados no programa de intervención e aplicación de actividades complementarias (Cuestionarios de técnicas de estudo, material didáctico, etc)

- Estimación do nivel de risco ao finalizar o programa de atención psicolóxica.

### 3. Desenvolvemento afectivo e emocional

Seguridade emocional, expresión emocional, rede de relacións sociais, participación e autonomía progresivas, sexualidade, protección contra riscos imaxinarios e integración lúdica.

### Obxectivos xerais

- Desenvolver axeitadamente o sentido de identidade e autonomía fronte ao ámbito

- Fomento da actitude crítica e o pensamento independente.

- Desenvolvemento do autocontrol da impulsividade e da conduta

### **Obxectivos específicos**

- Ofrecer un entorno cálido para solucionar dúbidas típicas de adolescentes
- Aprender a ser asertivo.
- Aprender a non ceder á presión grupal.
- Analizar as concepcións que se expresan en torno ao amor e á parella para favorecer a autorreflexión.
- Reflexionar de forma crítica sobre os ciúmes e sobre algunhas concepcións sociais que xustifican actitudes de control como mostras de amor.
- Favorecer a reflexión sobre os estereotipos sexuais, promovendo valores de igualdade, autonomía, liberdade responsabilidade e respecto no ámbito da sexualidade.

### **Actividades previstas**

- A orientación individual, os obradoiros ou grupos temáticos con diferentes dinámicas de grupo levando a cabo os Programas Afectivo Sexual, de Prevención da Violencia e de Autocontrol: Adestramento en técnicas de autocontrol emocional e Autoestima: Identificación de capacidades e dificultades e valoración e reforzamento da implicación
- Traballar a responsabilidade. Participación e implicación do/a menor na resolución dos diferentes problemas.
- Aplicación de continxencias de reforzamento
- Exploración de aspectos afectivos e emocionais.
- Entrevistas psicolóxicas semanais co/a menor.

### **Indicadores para a avaliación**

- Seguimento da atención aos menores e familias
- Probas psicométricas (de intelixencia verbal, numérica, razoamento, fluidez verbal, orientación escolar e/ou profesional...)
- Recollida de demandas específicas dos/as educadores/as, menores, familiares e profesores/as.
- Avaliación dos obxectivos marcados no programa de intervención e aplicación de actividades complementarias (Cuestionarios de técnicas de estudo, material didáctico, etc)
- Estimación do nivel de risco ao finalizar o programa de atención psicolóxica.
- Tests finais para saber a opinión sobre as sesións e dinámicas utilizadas, co fin de mellorar ou cambiar aquelas que non logran o obxectivo ou no conseguiran empatizar e atraer ao adolescente.

### **4. Desenvolvemento da personalidade e actitudes**

Autonomía persoal, autocontrol e responsabilidade, Autonomía en obrigas, Autonomía en manexo de recursos, Autonomía en coidados persoais.

### **Obxectivos xerais**

- Desenvolver estratexias de autocontrol.
- Potenciar o aumento da súa capacidade empática.
- Proporcionarlle estratexias axeitadas de afrontamento nas situacións conflitivas.

### **Obxectivos específicos**

- Tratar de desenrolar na menor a capacidade de solicitar axuda cando sexa necesario.
- Favorecer a diminución de súa impulsividade sendo quen de pensar nas consecuencias dos seus actos con anterioridade.
- Fomentar unha atribución interna respecto a responsabilidade na súa conduta.

### **Actividades previstas**

- Poñer en práctica os Programas de Habilidades Sociais, Prevención da violencia, Relaxación e Autocontrol emocional.
- Exploración da personalidade e aspectos motivacionais, e actudiniais mediante a aplicación de cuestionarios, entrevistas, etc.
- Gravacións con webcam ou cámara de vídeo para logo analízalas con eles e traballar a autoimaxen, comunicación, a postura,...
- Xogos didácticos, elaborados polos profesionais do centro de día, para facer máis ameno e axustado o traballo sobre determinados ámbitos ( sexualidade, drogas, habilidades sociais,...)
- Entrevistas psicolóxicas semanais co/a menor.

### **Indicadores para a avaliación**

- Seguimento da atención aos menores e familias
- Probas psicométricas (de intelixencia verbal, numérica, razoamento, fluidez verbal, orientación escolar e/ou profesional...)

- Recollida de demandas específicas dos/as educadores/as, menores, familiares e profesores/as.
- Avaliación dos obxectivos marcados no programa de intervención e aplicación de actividades complementarias (Cuestionarios de técnicas de estudo, material didáctico, etc)
- Estimación do nivel de risco ao finalizar o programa de atención psicolóxica.

## **ÁREA DE INTEGRACIÓN SOCIAL**

### **1. Contexto Familiar**

Mantemento do vínculo familiar, Implicación e Cooperación da familia, Apoio social e emocional á familia.

#### **Obxectivos xerais**

- Reducir o risco de que apareza a desprotección.
- Axudar a capacitar aos pais para exercer axeitadamente o rol parental.
- Fomentar as habilidades comunicativas e de autocontrol nas relacións familiares de forma bidireccional.

#### **Obxectivos específicos**

- Dotar de habilidades sociais básicas aos menores que sirvan para prever conflitos, tomarse as cousas en serio, mellorar a súa capacidade de toma de decisións no núcleo familiar.
- Asistir ás citas concertadas, por parte da familia, co equipo educativo: educador responsábel do menor ou psicólogo entre outros.



- Participar nas reunións de pais elaboradas polo centro de día.
- Fomentar o cumprimento de normas e responsabilidades transmitidas pola familia.

#### **Actividades previstas**

- Sesións familiares incluíndo, ou non, ao menor.
- Seguimento telefónico.
- Intervención individual con familias, tanto por parte do psicólogo como do educador responsábel.
- Intervención grupais con familias a través da participación no grupo de pais.
- Visitas domiciliarias, cando sexa necesario.

#### **Indicadores para a avaliación**

- O grao de cumprimento dos Programas e os seus obxectivos.
- Avaliación das intervencións e estratexias.
- Axilidade dos procedementos.
- Os materiais empregados.

### **2. Contexto escolar e formativo**

Integración social, Interese pola aprendizaxe, Apoio escolar e participación en actividades formativas

#### **Obxectivos xerais**

- Capacitar aos alumnos e alumnas para que podan resolver os problemas da súa vida académica entendidos nun sentido moi amplo (problemas escolares, dúbidas no itinerario, técnicas de estudo, pautas condutuais,...), non limitándose unicamente a problemática estudantil,

senón buscando a mellora total da persoa que estuda.

- Facilitar que os menores teñan novas posibilidades de adquirir, actualizar ou ampliar coñecementos e habilidades para mellorar o desenvolvemento persoal e Profesional.
- Procurar o éxito escolar dos participantes para así facilitar a súa integración social.
- Procurar unha asistencia regular a clase de todos os alumnos e alumnas, en especial os que están en idade obrigatoria de escolarización.

#### **Obxectivos específicos**

- Ensinar técnicas para o desenvolvemento das aptitudes interpersoais e habilidades sociais co fin de evitar ou reducir condutas disruptivas na escola.
- Traballar a formación de hábitos de estudo e promover o rendemento escolar.
- Formar hábitos, actitudes, valores e condutas positivas fronte ao estudo.
- Coordinar a intervención dos axentes (Centro Escolar, Centro de Día,...) educativos buscando un traballo en rede
- Detectar, analizar e intervir nas Necesidades Educativas Especiais existentes (Hiperactividade, Déficit de Atención, Trastornos Condutuais, Discapacidade Intelectual,...)

#### **Actividades previstas**

- Programar a participación no programa de Estudo
- Coordinación coas distintas institucións educativas, principalmente o centro escolar do destinatario.

- Coordinarse coas familias e buscar alternativas e estratexias conxuntas.
- Utilización de probas específicas para a detección de dificultades de aprendizaxe.
- Intervencións domiciliarias
- Actividades conxuntas co menor que fagan visibles o absentismo e os problemas derivados do mesmo.

#### **Indicadores para a avaliación**

A avaliación do Programa de Orientación Escolar será continua, global, formativa e integradora e terá en conta o progreso do alumno e alumna en todas as áreas do currículo, a avaliación do proceso e dos recursos humanos e materiais.

O punto de referencia para a toma de decisións relativas a inclusión ou desenvolvemento dos diferentes programas específicos nos que o mozo ou moza participen será a avaliación inicial, que tamén condicionará as diferentes medidas de apoio, reforzo, estratexias conxuntas co centro escolar, coa familia,...

A avaliación realizarase atendendo, entre outros, aos seguintes indicadores:

- O grao de cumprimento do Programa e os seus obxectivos.
- A implicación e coordinación coa familia e as diversas institucións académicas.
- Valoración dos resultados obtidos: casos nos que se interveu, nos que diminuíron as condutas disruptivas no centro escolar, de melloría académica, nos que remitiu o absentismo; nos que mellorou a integración escolar, casos nos que non houbo melloría, etc.
- Avaliación das intervencións e estratexias.

- Os materiais empregados.

### **3. Contexto de lecer**

Experiencias de xogo e lecer na vida cotiá: sentido do disfrute, Estimulación, Desenvolvemento físico cognitivo, emocional e social, Integrar experiencias de xogo e ocio na súa vida cotiá, Facilitar e estimular a súa participación en actividades de lecer na comunidade, Estimulación da súa participación, Apoio e seguimento da actividade, Mantemento das relacións iniciadas no eido destas actividades.

#### **Obxectivos xerais**

- Fomentar a participación dos/as menores en actividades de ocio e tempo de lecer saudables e educativas.
- Procurar a participación en actividades preferentemente con iguais e en espazos normalizados.
- Potenciar as súas afeccións e intereses.

#### **Obxectivos específicos**

- Traballar a toma de decisións e manifestación de preferencias
- Motivar aos adolescentes cara un lecer saudable
- Coñecer e iniciar na práctica de diferentes modalidades deportivas
- Traballar o comportamento en grupo de iguais e en actividades colectivas.
- Dotar de recursos de ocio e tempo libre alternativos aos que posue na actualidade.

### **Actividades previstas**

- Programas de HSSS, de Ocio e Tempo de Lecer, Programa de Actividades Plásticas e Creatividade.
- Coñecer os recursos comunitarios da cidade de Vigo e a súa bisbarra, tales como: pavillóns municipais, equipos deportivos segundo a interese persoal (fútbol, baloncesto, balonman,..), zonas concurridas por iguais como a Casa da Xuventude, Asociacións de veciños, entidades promotoras do ocio e deporte a través do voluntariado como VIDE, Cruz Vermella, etc.
- Aproximación ao mundo cultural: facilitar programas dos diversos museos e cines da cidade.
- Saídas ofertadas dende o Centro de Día.

### **Indicadores para a avaliación**

- Nivel de participación no programa.
- Número de saídas as que asiste.
- Número de contactos coas diferentes entidades coas que poidan chegar a colaborar.

## **4. Contexto Laboral**

Formación e Preparación pre-laboral, Integración laboral

### **Obxectivos xerais**

- Ampliar as posibilidades persoais e formativas dos adolescentes.
- Potenciar as estratexias necesarias para a consecución dun emprego ou, si é o caso, para unha reorientación profesional.

- Axudar a identificar os intereses e expectativas do/a adolescente para realizar un proxecto persoal de futuro.

### **Obxectivos específicos**

- Promover o recoñecemento da importancia da adquisición de valores como a responsabilidade, a honestidade, e o traballo.
- Potenciar a motivación como canle vinculador de todos os obxectivos.
- Promover habilidades sociais básicas para atopar e manter un emprego (capacidade de comunicación, resolución de conflitos, traballo en equipo, compromiso, implicación,...)
- Promover a planificación das actividades; accións a levar a cabo, métodos de busca a utilizar, tempo a dedicar e obxectivos que se queiran acadar.
- Acompañar e apoiar ao adolescente durante o proceso de busca de emprego e mantemento da actividade laboral.

### **Actividades previstas**

- Programas de Pre-BAE, BAE, Habilidades Sociais, Educación Viaria e as sesións de acceso a internet.
- Definir e concretar o perfil profesional.
- Orientación Formativa.
- Acompañamentos aos Servizos Públicos e Privados de Emprego.
- Coordinación cos servizos especiais de Búsqueda de Emprego: FADEMGA, FEAPS GALICIA, FEAFES, COGAMI.
- Obradoiro de prensa a través do FARO DE VIGO.

### **Indicadores para a avaliación**

- A consecución dun emprego, dunhas prácticas ou a inserción nun curso de formación.
- Rexistro de chamadas ás ofertas na Búsqueda Activa de Emprego.
- Número de contactos cos diversos profesionais dos dispositivos aos que se acceda.
- Nivel de participación no programa.
- Número de CV entregados.

### **5. Contexto Residencial**

Disposición para a aprendizaxe, Expresión e vinculación afectiva, Relacións sociais na comunidade.

#### **Obxectivos xerais**

- Empatizar tanto co/a menor/a como coa familia para manter así unha boa relación co equipo educativo.
- Conseguir a integración e participación de forma activa do/a menor/a no desenvolvemento das actividades do centro de día.
- Facilitar, a través do traballo en rede, que o/a menor siga avanzando no seu itinerario de incorporación social a partires doutros recursos comunitarios, establecendo lazos coa súa comunidade e coa sociedade normalizada.

#### **Obxectivos específicos**

- Coordinar todos os recursos e profesionais implicados no caso
- Fomentar a puntualidade e asistencia co horario concertado no Centro de Día.

- Respetar e cumprir as normas do centro de día.
- Coordinación e contacto periódico coa familia, a través do teléfono e entrevistas para a axeitada consecución dos obxectivos propostos.
- Acompañar no proceso de desinstitucionalización do menor.
- Preparación para a vida independente.

#### **Actividades previstas**

- Programas establecidos atendendo ás necesidades individuais.
- Asembleas grupais dos usuarios.
- Actividades de la vida diaria del centro: recoller comedor, ordear sala común, secretario de asemblea,..
- Titorías establecidas co/a educador/a responsable e coas familias.
- Tests e probas.
- Acompañamentos aos recursos da comunidade que se consideren oportunos.
- Saídas Educativas e Programa de Días Especiais.

#### **Indicadores para a avaliación**

- Escalas de observación sobre a asistencia e puntualidade.
- Nivel de participación nas actividades da vida diaria.
- Número de test realizados, número de acompañamentos que se fan, número de saídas nas que participa.
- Valoración das titorías.

## **Programación das reunións educativas**

En canto ao traballo cos menores: O menor contará dende o inicio cun educador responsable ou titor que será o que lle poñerá en coñecemento toda a información relevante a súa situación, o que manterá os contactos periódicos coa familia e gardará que os obxectivos propostos no PEI sexan, no maior do posíbel, alcanzados; levará a cabo as titorías oportunas e será o responsábel o encargado de repartilas no tempo. De maneira conxunta por parte da totalidade do equipo decidirase a participación do menor nun ou noutro programa dos que se levarán a cabo, estes serán semanais, quincenais ou mensuais. Semanalmente terá lugar a asemblea dos menores onde eles terán voz para expresar as conformidades ou disconformidades en base ao funcionamento do CD.

En canto ao traballo coas familias: realizaremos de forma individual contactos periódicos con elas que comezarán sendo semanais para irse distanciando paulatinamente no tempo se a evolución o permite, a finalidade será telos informados e poder abordar posibles problemáticas.

A organización do persoal e actividades, a distribución dos obradoiros, programas ou outras actividades serán decididas nas **reunións de equipo** dos educadores:

Os **luns** celebrarase unha reunión de *avaliación do programa e da evolución do Centro de Menores*, nesta reunión participará todo o equipo Psicoeducativo do Centro de Día e será dirixida polo director da ACLAD Alborada.

Os **mércores** celebrarase outra xuntanza cun *carácter máis organizativo do centro* (decidir cambios de actividades, programar saídas, horarios dos profesionais, formación,..)

Por último, o **venres** celebrarase unha reunión específica de *seguimento e avaliación dos menores* (notificación posibles ingresos-altas, reparto de titores, urxencias, consecución de obxectivos propostos, seguimento familiar e académico, informes, planificación períodos non lectivos,...).

Por outra banda, **mensualmente** farase unha reunión de todo o persoal para continuar traballando no Plan de Calidade.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN PERIÓDICA DA INTERVENCIÓN**

### **TEMPORALIZACIÓN**

No ano 2014, instauramos no Centro de Día un modelo de xestión por Procesos Clave avaliado por indicadores que nos achegan a evolución e a avaliación de cada proceso.

Así, cada Proceso Clave ten unha serie de indicadores que nos achegan unhas evidencias cuantificables das que se recollen os resultados mensualmente para logo, e con carácter **trimestral**, avaliar a xestión, intervención e resultados do Programa.

Ademais, neste ano 2017, e como plan de mellora derivado do Plan de Calidade instaurado no 2016, continuaremos coa e Enquisa de Satisfacción a persoas menores usuarias e as súas familias, os resultados das cales tamén serán analizados trimestralmente

Por último, constitúen tamén criterios de avaliación o cumprimento dos obxectivos e conclusións marcadas nos diferentes PEI's ou PPIEM's dos usuarios do centro revisables na xuntanza **semanal** do Equipo Educativo na que se procede a análise dos distintos casos.

## **RELACIONS EXTERNAS DA ENTIDADE**

### **1.- RELACIÓNS INSTITUCIONAIS**

Como xa sinalamos, dentro do Plan de Xestión de Calidade atopámonos co **Plan de Mellora das Relacións Institucionais** que fai referencia específica a política de alianzas

- Ao longo do ano esta previsto que teñamos, alomenos e como soe ser habitual cada ano, unha xuntanza co Fiscal de Protección de Menores e outra co Xuíz de Menores, co fin de coordinar a atención aos usuarios do servizo.
- Coa delegación territorial da Consellería de Traballo e Benestar, en especial co Servizo de Menores, temos unha colaboración estreita na que as xuntanzas e contactos cos distintos técnicos/as sucédense o longo do ano co fin de coordinar os ingresos e altas e facer un seguimento dos casos remitidos.
- A relación coa policía local, nacional e autonómica é circunstancial e depende da problemática que vaimos detectando nos casos que teñamos o longo do ano. Sen embargo, sabemos pola experiencia doutros anos que en caso de que exista algunha demanda sempre contamos coa maior colaboración destas institucións.
- De cara a mellorar a calidade na atención temos incorporado un libro de rexistro de visitas, así como, unha breve enquisa, na que as persoas representantes das distintas institucións coas que temos relación, poidan aportarnos as súas ideas de cara a mellorar o funcionamento do centro.

## **2.- COORDINACIÓN CON OUTROS PROFESIONAIS**

Coa chegada dun novo mozo ou moza ao Centro de Día comezan unha serie de procesos que principian coa designación dun/dunha **educador/a de referencia** responsable dese adolescente dentro do Equipo Educativo. Este profesional enmárcase dentro dun equipo transdisciplinar que, seguindo o principio de individualización, fai un estudo das necesidades do rapaz/a para, así, deseñar a intervención nas áreas que o precisen, basándose no Plan de Caso elaborado polo ETM e consensuando as súas liñas de traballo co Equipo Educativo, o/a adolescente, a súa familia e o resto de profesionais implicados.

O Equipo Educativo, debido ao seu carácter transdisciplinar, realiza unha intervención integradora, non mediante compartimentos estancos, senón dende as funcións e responsabilidades dos diferentes profesionais, tanto a nivel do centro de día como dos recursos comunitarios, polo que a distribución do traballo en rede é a seguinte:

- O Educador/a de referencia é o encargado principal do traballo en rede coa familia, cos profesionais de outras entidades e/ou institucións (Servizo de Menores, pisos de acollida, residencias, Servizos Sociais do Concello, Educadores Familiares,...)
- É tamén labor do educador/a de referencia do menor, achegarlle os recursos que oferta a comunidade, tanto formativos como lúdicos, socioculturais, sanitarios, institucionais, educativos,... así como o traballo en rede cos profesionais responsables dos mesmos
- O psicólogo intervén en rede principalmente nos ámbitos médicos, sociais e legais.

- O profesor de apoio coordina o traballo en rede no ámbito escolar (Titores/as escolares, Departamentos de Orientación, Inspección de Educación, EOE's,...)

## **SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL**

### **PLAN DE MELLORA**

O plan de mellora cara o vindeiro ano 2017 pasa por reanudar a implantación do Plan de Xestión Estratéxica e o total desenvolvemento no "Centro de Menores Alborada" dos diferentes Planos de Acción emanados do Cadro de Mando Integral. Ademais, hai que manter o modelo de avaliación baseado en indicadores co que se comezou o ano 2014.

### **CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN**

As ferramentas fundamentais para a avaliación da praxe do "Centro de Día de Atención ao Menor Alborada" son:

- Por unha banda temos o **Cadro de Mando Integral (CMI)**, un sistema de administración que avalía e mide as actividades desenvolvidas no Centro en base a termos de cumprimento da nosa visión e estratexia proporcionándonos así unha mirada máis global do noso camiño e desempeño da nosa actividade.
- Por outra banda temos instaurado, dende o pasado ano, un modelo de xestión por Procesos Clave que é avaliado por indicadores que nos achegan a evolución e a avaliación de cada proceso.

Así, cada Plano de Acción, planos que dirixen actividade diaria e actuacións no Centro de Día e a visión estratéxica do Centro de Menores, como os diferentes

Procesos Clave, teñen unha serie de indicadores que nos achegan unhas evidencias cuantificables das que se recollen os resultados mensualmente para logo, e con carácter trimestral, avaliar a xestión, intervención e resultados do Centro.

- E como novidade contamos cos resultados da análise das Enquisas de Satisfacción as persoas menores usuarias e as realizadas as súas familias.

Por último, constitúen tamén criterios de avaliación o cumprimento dos obxectivos e conclusións marcadas en documentos como a presente Programación Anual, a Memoria Anual ou os diferentes protocolos de xestión de Centros de Menores.

### **INSTRUMENTOS DE CONTROL**

A avaliación da nosa actividade ven recollida principalmente a través de dúas vías principais que recollen instrumentos de control internos ao propio equipo e externos ao mesmo.

- Instrumentos de control internos:
  - Resultados dos indicadores dos planos de Acción do CMI e dos procesos clave do Centro de Día e o estudo destes en xuntanzas trimestrais
  - Xuntanza de Avaliación da Memoria Anual
  - Xuntanzas de programación, anual, períodos non lectivos,...
  - Xuntanzas semanais do equipo (análise dos casos e organización do Centro de Día)
  - Xuntanzas de avaliación operativa do Centro de Menores Alborada (Centro de Día e o Programa Ambulatorio)

- Instrumentos de control externos:
  - Enquisa postinstitucional a antigos usuarios do programa
  - Enquisas de satisfacción a persoas menores usuarias do programa
  - Enquisas de satisfacción a familias usuarias do programa
  - Enquisas á administración (Técnicos do servizo de Menores)
  - Enquisas a alianzas (Recursos externos e outros profesionais cos que se traballa en rede)



## Anexo I

### INVENTARIO

31/12/2016

- 1 Ordenador AMD Atolón™ XP 2200+1,79 GHZ,640 de RAM
- 1 Ordenador Intel® Pentium® Dual CPU E2200 @2,20 GHZ 220 GHZ, 0,99 GB de RAM
- 1 Ordenador Intel®Core™2 Duo CPU E 6750 @ 266 GHZ, 2,67 GHZ, 2,00 B de RAM
- 1 Ordenador Intel® Pentium® D CPU 3,40 GHZ, 3,42 GHZ, 1,00 GB de RAM
- 1 Ordenador Intel® Pentium® Dual CPU E 2200, 2,20 GHZ, 0,99 GB de RAM
- 1 Ordenador Intel® Core™ 2 CPU 4300 @ 1,80 GHZ, 1,81 GHZ, 0,99 GB de RAM
- 1 Ordenador AM Athlon™ Processor 900 MHz, 640 MB de RAM
- 1 Ordenador Intel® Core™2 Duo CPU E 4600 2,40 GHZ, 0,99 GB de RAM
- 1 Ordenador AMD Athlon™ XP2200+1,79 GHZ, 768 MB de RAM
- 1 Ordenador AMD Athlon Processor 900 MHz, 640 MB de RAM
- 1 Ordenador Intel® Pentium® Dual CPU E2180 @2,00 GHZ, 2,00GHZ, 0,99 GB RAM
- 1 Ordenador Intel® Core 2 Duo CPU E 4600 @ 2,40 GHZ, 0,99 GB de RAM
- 1 Ordenador Intel Pentium® CPU 3,40 GHZ, 3,42 GHZ, 1,00 GB de RAM
- 1 computadora portátil. Toshiba Intel® Core™ Duo CPU T2350 @1,86 GHZ, 1,87 GHZ 1014 MB32 Bits
- 1 Fotocopiadora Impresora CANON IR IR-ADV-C250/350 UFR II
- 1 Fax CANON JX 510 P
- 1 Destrutora de documentos DHALE 21062
- 1 Proxector SONY SVGA VPL-ES3
- 3 Webcams LOGITECH
- 1 Cámara de video JVC 700 X
- 1 Cámara dixital FUJIFILM-FINEPIX S5600
- 1 Consola WII NINTENDO
- 1 Reprodutor de vídeo SANYO
- 1 Reprodutor de vídeo PIONEER
- 1 Reprodutor/gravador de DVD JVC
- 1 Scanner CANNON LIDE 25
- 1 Equipo de música SCHNEIDER
- 1 Televisor SAMSUNG 42p
- 1 Televisor SANYO 17 p
- 1 Pantalla cañón de vídeo
- 1 Centraliña telefónica ERICSSON
- 2 Teléfonos fixos ERICSSON
- 1 Teléfono inalámbrico SIEMENS
- 1 Teléfono inalámbrico ALCATEL
- 1 Teléfono PANASONIC
- 1 Teléfono móvil SAMSUNG GT-S6310N
- 1 Secador UFESA 1600 w
- 1 Lavadora WHIRLPOOL AA 1000 awm 7100
- 1 Lavalouza TEKA-A-LP7 811
- 1 Neveira FAGOR
- 1 Microondas TEKA
- 1 Termo TEKA 80L
- 1 Emisor térmico 2 TROIA (8 elementos)
- 3 Emisores térmicos ECOTERM (4 elementos)
- 3 Radiadores CATA
- 2 Ventiladores
- 2 Librarías altas con 1 porta
- 7 Librarías altas con 2 portas
- 2 Librarías baixas con 2 portas
- 7 Librarías altas con estantes
- 1 Librería alta con porta e estantes
- 1 Librería baixa con estantes
- 1 Librería alta con cristais e portas baixas
- 1 Librería alta metálica con 2 portas cristal
- 4 Librarías metálicas
- 1 Moble estantería de 4 alturas
- 2 Mobles altos de 2 portas altas e 2 baixas
- 1 Moble alto de 3 portas
- 1 Armario alto
- 1 Armario baixo
- 2 Armarios persianeiros
- 2 Armarios para chaves

- 1 Armario alto de 2 portas
- 1 Estante de ducha
- 1 Estante con dúas bandexas
- 7 Baldas
- 2 Arquivadores metálicos
- 4 Caixoneiras de 1 caixón e arquivo
- 1 Caixoneira con estantes
- 1 Caixoneira de 4
- 20 Mesas
- 2 Mesas redondas
- 1 Mesa auxiliar
- 50 cadeiras
- 9 cadeiras de oficina
- 1 sofá de tres prazas
- 1 moble de 4 cadeiras con mesa baixa
- 1 taburete
- 1 Reposapés
- 15 cadros
- 2 pizarras
- 1 pizarra con cabaleta
- 16 papeleiras
- 2 paragueiros
- 5 extintores
- 7 percheiros
- 1 percheiro toalleiro
- 1 escada de tres pasos
- 1 escada de seis pasos
- 2 paneis informativos inmantados
- 8 plantas
- 1 tendedeiro
- 2 caixas de ferramentas
- 3 arquivadores modulares
- 4 clasificadores de papel
- 3 paneis informativos
- 1 percheiro de escobas
- 2 escobas
- 1 recolledor
- 1 Fregona industrial
- 2 Fregonas
- 4 caldeiros
- 19 pratos chans
- 22 pratos fondos
- 20 pratos de sobremesa
- 19 vasos
- 9 tazas
- 6 boles
- 2 fontes
- 2 cucharóns
- 1 pinzas
- 1 espátula
- 1 coitelo de pan
- 1 culler grande
- 1 espumadeira
- 2 culleres de pau
- 18 garfos
- 18 culleres
- 18 culleriñas
- 1 abrelatas
- 1 escurridor
- 1 termómetro alimentario
- 4 recipientes plásticos
- 2 xerros
- 2 froiteiros
- 2 bandexas
- 1 depósito de panos de mesa
- 1 aceiteira
- 1 vinagreira
- 1 saleiro
- 1 cafeteira
- 1 batidora
- 1 armario de 12 compartimentos
- 1 armario de 8 compartimentos
- 1 buzón de suxerencias
- 3 guitarras